

ÍNDICE PEC

0.- INTRODUCCIÓN

0.1.- LOCALIZACIÓN E CONTORNO

1.- ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA AO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL DO CENTRO, E ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.

1.1.- OBXECTIVOS DO CENTRO

1.2.- OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO

1.3.- FORMAS DE COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL CON OUTRAS INSTITUCIÓN

2.- DECISIONS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

2.1.- PROPOSTAS METODOLÓXICAS

2.2.- CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

3.- PROXECTO LINGÜÍSTICO

4.- INCORPORACIÓN, A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS DA EDUCACIÓN EN VALORES.

5.- CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

6.- LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

7.- PLANS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.

8.- PROXECTO LECTOR DO CENTRO.

9.- PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

10.- PLAN DE CONVIVENCIA

11.- ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POR ENSINANZAS DE RELIXIÓN.

12.- LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL.

13.- LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DOCENTES

0.- INTRODUCCIÓN

O Proxecto Educativo de Centro debe permitir ós diferentes membros da comunidade educativa un mellor coñecemento da realidade na que desenvolvemos o noso traballo. Para conseguilo deberá orientar debidamente ó profesorado, ó alumnado, ás familias e ó persoal docente e non docente, favorecendo a identificación e implicación do conxunto da comunidade educativa neste proxecto.

Intenta definir os principios, criterios e intencións que orientarán o funcionamento do centro. Pretende ser un instrumento que permita a coherencia do equipo de profesores/as no desenvolvemento da tarefa educativa, xa que esta tarefa debe ser colectiva se queremos acadar os obxectivos que nos propoñemos. Para conseguilo debemos ter en conta:

- O dereito individual de cada ensinante na escolla da metodoloxía a empregar ten como límite o PEC. Este dereito individual debe exercerse sempre tendo en conta as necesidades do alumnado.

- A renuncia nas propostas persoais en beneficio da acción educativa colectiva.

- Todos os alumn@s son alumn@s de todos os profesores/as. Idea de centro.

Pretende manter informados a todos os membros da comunidade educativa das peculiaridades do medio no que desenvolvemos o noso traballo, establecer os obxectivos xerais que pretendemos co noso traballo diario, partindo da análise do contexto do centro (lingüístico, social, relacional, etc.), das normas pertinentes sobre o funcionamento dos centros de secundaria e dos acordos organizativos de centro, recollendo a oferta educativa que pretendemos e sentando as bases para as relacións de colaboración con outras entidades.

Na súa elaboración, ó longo destes anos de funcionamento, fomos recollendo as directrices marcadas e a estrutura organizativa construída. Non pretende ser un documento definitivo; máis ben un punto de partida que sirva de referente no camiño a percorrer. Por esta razón é un documento aberto e susceptible de revisión e mellora constantes, e modificarase de acordo coa realidade do centro para convertelo, deste xeito, nun instrumento eficaz que de verdade nos axude a unificar criterios.

0.1.-LOCALIZACIÓN E CONTORNO

.A terra de Soneira


.O Concello de Camariñas

Procedencia xeográfica do alumnado e contexto cultural

O Instituto de Educación Secundaria "Pedra da Aguia", está ubicado na localidade da Ponte do Porto (Camariñas). É un centro público situado nas aforas desta localidade, nas proximidades do límite entre os concellos de Camariñas e Vimianzo, no lugar denominado A Devesa, ó pé do monte "Pedra da Aiga", que lle dá nome ó centro.

É un instituto de nova creación, previsto inicialmente para 16 unidades de ESO na rede de centros, e creado definitivamente no Decreto 269/1998 do 24 de setembro do 98 con 14 unidades de Educación Secundaria Obrigatoria (**DOG 6/10/98**) coa denominación de IES de Camariñas. Empeza a funcionar a principios do curso escolar 1998/99. Mediante a Orde de 15 de febreiro de 2001 (DOG 22/3/01) autorízase o cambio de denominación do centro proposta polo Consello Escolar, pasando a chamarse Instituto de Educación Secundaria “Pedra da Agua”.

Este instituto está aberto a tod@s @s alumn@s que cumpran os requisitos académicos legalmente establecidos, domiciliados no contorno próximo do centro. Nel impartirase a etapa completa de Ed. Secundaria Obrigatoria. Comeza a funcionar no curso 1998/99, co 1º ciclo completo e o 3º ano do 2º ciclo da ESO (12 unidades).



Xeograficamente o instituto está encravado dentro da comarca Terra de Soneira, no concello de Camariñas e na localidade da Ponte do Porto. Camariñas é un concello costeiro, situado no corazón da rexión xeográfica da Costa da Morte.

-A terra de Soneira.

O nome desta comarca aparece recollido documentalmente a partir dos séculos IX e X co nome de Sonaria ou Somnaria. Foi recoñecida como tal no mapa comarcal de Galicia realizado recentemente. Comprende os concellos de Vimianzo, Zas e Camariñas. A súa extensión é de 372 km cadrados e a súa poboación é de 18706. Está encravada na rexión xeográfica coñecida como Costa da Morte, ocupando a súa zona central.

Limita coas comarcas de Bergantiños (N.), Terra de Xallas (E. e S.) e Fisterra (S. e O.), e está bañada polo océano Atlántico (O.). Pola súa zona central corre o río Grande (tamén chamado río do Porto ou río da Ponte) que nace no Pico de Meda e desemboca na ría de Camariñas.

-O Concello de Camariñas.

O concello de Camariñas é un concello costeiro, mariñeiro e pouco montañoso. O nome do concello parece que pode vir dunha planta autóctona chamada “caramiña” que quere dicir “herba da fame”.

Forma unha península cunha superficie de 52 km. cadrados. Abrangue un total de 21 núcleos urbanos agrupados en catro parroquias: San Xurxo de Buría, San Pedro da Ponte do Porto, Sta. María de Xaviña e O Espírito Santo de Camelle. Limita polo norte co Oceano Atlántico e o Río Grande; polo sur, co Atlántico e a Ría de Camariñas; polo leste, co Concello de Vimianzo; e polo oeste, co océano Atlántico.

O **relevo** presenta algunhas pequenas montañas que non superan os 200 m. de altitude. Os picos máis altos están na Serra de Pena Forcada. Ten 35 millas de costa (645 km.) moi accidentadas: altos acantilados e praias solitarias; tamén ten algunha praia tranquila no interior da ría.

O **clima** é oceánico. A temperatura media de 12 graos centígrados aproximadamente. A pluviosidade moi abundante. Hai fortes e frecuentes ventos, sobre todo do norte e o noroeste.

A súa **poboación** é de 6.275 habitantes, segundo os datos do padrón do 2007. Ten grandes zonas deshabitadas, pero aínda así hai arredor duns 120,67 habitantes por km. cadrado. O núcleo de poboación máis importante polo número de habitantes é a capital do concello, Camariñas. A principal actividade económica da poboación é o traballo no mar (pesca de baixura e marisqueo) nas localidades costeiras: Camariñas, Camelle, Arou e Sta. Mariña. As rochas das súas costas son perfectas para o crecemento do percebe. A agricultura e a gandería adoitan ter funcións complementarias.



Nas demais localidades (Xaviña, Brea, Pescadoira, Brañas Verdes, Lazo, Dor, O Allo e A Ponte do Porto) a economía familiar complementábase coa agricultura, o comercio, a construción, a artesanía do encaixe de bolillos e, sobre todo, a emigración. Nestes últimos anos está despegando con forza o desenvolvemento do turismo na zona.

A economía familiar complétase coa artesanía do encaixe de bolillos que se practica desde hai séculos. Os encaixes de Camariñas xa eran famosos no século XVII.

Na actualidade, en Semana Santa, celébrase unha importante mostra da artesanía do encaixe.

No seu territorio hai algúns restos de castros celtas, dunha calzada romana chamada "Camiño Real", dun castelo (Castelo do Soberano) na capital do concello, onde se libraron duras batallas cos franceses nos tempos de Carlos III, algunha igrexa románica (Xaviña) e restos de arte barroca. Existen lendas que nos falan da posible orixe viquinga dalgún núcleo de poboación: Santa Mariña, Arou...

Feron numerosos os naufraxios que se produciron nas costas do noso concello. Existen lendas que nos falan de que os habitantes destes pobos desorientaban ós barcos co fin de apoderarse das súas cargas; sen embargo outros falan de que estas xentes xogábanse a vida para prestar auxilio ós náufragos coas súas pequenas embarcacións. A verdadeira razón de tantas vítimas parece estar en que este é un lugar obrigado de cambio de rumbo dos barcos, con frecuentes temporais e abundantes néboas. Ademais esta costa é moi rochosa e abrupta.

- Procedencia xeográfica do alumnado. Contexto cultural.

Aínda que o instituto está encravado no concello de Camariñas, unha pequena parte dos/as seus/súas alumnos/as pertencen ó veciño concello de Vimianzo. Son @s alumn@s procedentes das pequenas localidades de: Esquipa, Cures, Mouzo, Carnés, Montecelos, Campolongo, Moreira, A Casiña, A Devesa, Vilar, Cereixo e Tufiós.

Os centros adscritos son: **CEIP O Areal de Camariñas e CEIP da Ponte do Porto.**

Ademais destes centros, existen na área xeográfica que comprende, escolas unitarias en distintas localidades do Concello.

Rematado o período de escolaridade obrigatoria, @s alumn@s teñen que desprazarse para continuar os seus estudos a Vimianzo, Cee ou outros centros máis afastados (Baio, Carballo, A Coruña, Santiago...).

Complétase a oferta cultural e de ocupación do tempo libre con diversos locais culturais e instalacións deportivas municipais (un pavillón polideportivo cuberto en Camariñas e na Ponte do Porto e algunhas pistas polideportivas exteriores), unha biblioteca e un museo municipal do encaixe na en capital do concello. En Camelle hai un museo dun alemán que se instalou nesta localidade hai moitos anos, e na Ponte do Porto, por iniciativa dun grupo de veciños, existe un pequeno museo etnográfico.

Hai tamén algunhas asociacións: de veciños, amas de casa, palilleiras unha asociación antidroga (ABONDOU), un club náutico, ANPAs e algúns outros colectivos.

A concellería de Cultura e estas asociacións, organizan algunhas actividades culturais e deportivas que ocupan o tempo de lecer do alumnado deste IES.

O elevado índice de emigración (sobre todo a Suíza) que se veu producindo nun pasado recente na área de influencia do centro (consecuencia das escasas posibilidades de traballo e ós baixos salarios), orixinou situacións de separación e desestruturación das familias.

Nos últimos anos veuse producindo un retorno de emigrantes suízos. A crise no sector pesqueiro e a construción e a escaseza de postos de traballo está a orixinar novos movementos migratorios .

1.- ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA AO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL DO CENTRO, E ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.

1.1.-OBXECTIVOS DO CENTRO

Asúmense os obxectivos xerais da etapa establecidos no Decreto 133/2007, do 5 de xullo (DOG do 13/07/2007), tendo en conta o contexto socio-económico e cultural do centro e as características do alumnado, tratando de adecualos no posible á nosa realidade educativa.

O ensino secundario obrigatorio ten como finalidades educativas:

-Transmitir a todos os alumn@s os elementos básicos da cultura.

-Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e de traballo.

-Formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

-Preparalos para a incorporación á vida social, académica e laboral posterior.

Estes obxectivos xerais establecen as capacidades que deben ter adquiridas @s alumn@s ó finalizar esta etapa educativa.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Comprender e expresar mensaxes orais e escritas con propiedade nas linguas galega e castelá, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- b) Interpretar e producir mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación e reflexionar sobre os procesos implicados no seu uso.
- c) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- d) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como aplicar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos de coñecemento e da experiencia.
- e) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- f) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- g) Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ó sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.
- h) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións con outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- i) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- l) Desenvolver a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- m) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural e contribuír activamente á súa conservación e mellora, respectar a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e das persoas.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.
- ñ) Coñecer e comprender os aspectos básicos do funcionamento do propio corpo, aprender a coidalo e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Valorar os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo a súa conservación e mellora.

Estes obxectivos, que recollen as intencións xerais do centro, pretenden definir o que queremos conseguir d@s nos@s alumn@s e marcan o rumbo que se pretende seguir. Están pensados e formulados a partir do estudo das posibilidades do centro e do seu contorno.

-Implican a vontade e o compromiso de todos os membros desta comunidade á hora de planificar e programar accións específicas para a súa consecución.

-Orientan o funcionamento e organización do centro e deberán ser coñecidos por todos os membros da comunidade educativa, que deberá asumilos para favorecer a súa consecución, traballando conxuntamente na procura dos mesmos.

-Garanten a coherencia das actuacións dos membros da comunidade escolar.

1.2.- OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO

Ademais das áreas establecidas no currículo como obrigatorias, ofertarase a opción de elixir Inglés ou Francés como primeira lingua por tódolos alumnos/as, xa que recibimos alumnos/as que xa cursaron en Primaria estas dúas linguas e ademais hai alumnos/as procedentes de Suíza, fundamentalmente dos cantóns de fala francesa, debido ó retorno da emigración.

En canto ás **materias optativas** a oferta é a seguinte:

1º CICLO: - 2ª lingua estranxeira (Francés/Inglés).

Alumnos/as con dificultades: - Exención da 2ª Lingua Estranxeira

2º CICLO: . **3º ESO:**

- 2ª lingua estranxeira (Francés/Inglés).

- Cultura Clásica.

- Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras

. **4º ESO:** Ofertaranse estes dous itinerarios. O itinerario A cunha orientación humanística e o itinerario B cunha orientación científico/tecnolóxica.

<input type="checkbox"/> A) ITINERARIO DE HUMANIDADES E CCSS.	
COMÚNS	OPTATIVAS
LATIN	CULTURA CLÁSICA <input type="checkbox"/>
	(se non foi cursada en 3º)
MÚSICA <input type="checkbox"/>	OBRADOIRO DE INICIAT.
PLÁSTICA <input type="checkbox"/>	EMPREENDEDORAS <input type="checkbox"/>
FRANCÉS <input type="checkbox"/>	(se non foi cursada en 3º)
	2ª L. FRANCÉS <input type="checkbox"/>
	INFORMÁTICA <input type="checkbox"/>
Elix 2 destas 3 últimas con	

recadro	PLÁSTICA <input type="checkbox"/> MÚSICA <input type="checkbox"/> Marca as 6, numerándoas por orde de preferencia
<input type="checkbox"/> B) ITINERARIO CIENTÍFICO/TECNOLÓXICO	
<u>COMÚNS</u>	<u>OPTATIVAS</u>
FÍSICA/QUÍMICA PLÁSTICA <input type="checkbox"/> BIOLOXÍA. <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍA <input type="checkbox"/> Elixe 2 destas 3 últimas con recadro.	PLÁSTICA <input type="checkbox"/> BIOLOXÍA <input type="checkbox"/> INFORMÁTICA <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍA <input type="checkbox"/> 2º L. FRANCÉS <input type="checkbox"/> CULTURA CLÁSICA <input type="checkbox"/> (Se non foi cursada en 3ºESO) OBRADOIRO DE INICIAT. EMPRENDEDORAS <input type="checkbox"/> (Se non foi cursada en 3ºESO) MUSICA <input type="checkbox"/> Marca as 8 numerándoas por orde de preferencia

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.- Como medidas de atención á diversidade, ademais da exención da 2ª lingua estranxeira no 1º ciclo, iranse poñendo en marcha outras medidas segundo a disposición de profesorado e as necesidades educativas que vaian xurdindo:

- Reforzo Educativo a alumnos/as sobre todo nos primeiros niveis.
- Elaboración de ACIs a todos aqueles alumnos/as que o necesiten.
- Programas de Diversificación Curricular.
- Agrupamentos Específicos.
- Programas de Cualificación Profesional Inicial –Modalidade C Mixta

1.3.- FORMAS DE COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL CON OUTRAS INSTITUCIÓN.

O centro educativo debe estar aberto á sociedade e polo tanto á comunidade educativa na que está inmerso.

A colaboración, intercambio e axuda con outras institucións enriquecéonos a todos.

Queremos formar alumn@s que ademais de teren os elementos básicos de cultura, sexan adultos capaces de asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos. Para conseguilo non podemos illarnos e debemos traballar en colaboración con outras entidades, sumando esforzos e compartindo iniciativas das que se beneficie o alumnado.

Centros adscritos. A través do departamento de orientación e en colaboración cos orientadores dos centros de primaria adscritos (CEIP da Ponte do Porto e CEIP “O Areal” de Camariñas), levarase a coordinación necesaria para unificar criterios, transmitir propostas e ter información puntual do alumnado que se incorpora ó centro.

Esta coordinación é fundamental para que non exista unha ruptura entre as etapas obrigatorias e para poder dar a mellor resposta posible ás peculiaridades do alumnado que se integre en 1º de ESO (oferta educativa para alumnado con problemas de aprendizaxe, criterios de agrupamento...)

Aula de adultos do Concello.

Facilitarase a participación do alumnado que non é capaz de acadar os obxectivos da educación secundaria e remata a súa escolaridade obrigatoria sen obter o título, na aula de adultos, que os prepara para as probas libres de consecución do título de graduado en educación secundaria.

Empresas.

Estableceranse contactos con empresas que permitan o desenvolvemento de Programas de Cualificación Profesional Inicial. A colaboración permite que o alumnado que acceda a estes programas poida contactar co mundo do traballo. Así mesmo ábreselle a posibilidade de incorporarse novamente ó sistema educativo (ciclos formativos).

Outras entidades ou institucións.

Colaborarase mutuamente con outras entidades ou institucións na realización de actividades.

- Concello de Camariñas:

- Coa concellería de cultura na realización de certames literarios, teatro e outras actividades que se propoñan e acorden.

- Co equipo de Servizos Sociais (psicóloga, traballadora social e educadora familiar) para asistencia social, condutual e intervención familiar na atención de alumn@s con problemática familiar e na intervención para a busca de alternativas ó alumnado que require unha escolarización diferente.

- Asociación Neria: obradoiros de sexo seguro, actividades de cine e saúde, ...

- Asociación Abondou: intervención directa dentro do horario lectivo desenvolvendo programas co alumnado e atención directa. Esta asociación ten a nosa disposición unha técnica de habilidades sociais durante tres días a semana no centro dende as 11:15 horas ata as 14.15 horas. Na actualidade o horario e días depende da axuda enmarcada dentro dos Contratos-Programa.

Proxectos educativos

Poderanse apoiar aquelas iniciativas de participación en diferentes programas ou proxectos de innovación educativa que se estimen oportunos e contén coa aprobación do Claustro e/ou do Consello Escolar..

2.-DECISIONS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUTIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

2.1.- PROPOSTAS METODOLÓXICAS

Flexibilidade metodolóxica mediante o uso de diferentes modalidades de presentación da información, agrupamento, técnicas, métodos e incluso actividades.

Adaptación ás necesidades, motivacións e intereses do alumnado mediante o deseño de actuacións pertinentes co fin de adaptarse ás características do alumnado participante, favorecendo os sentimentos de seguridade, confianza, espírito crítico e respecto.

Metodoloxía activa e participativa mediante:

- Unha participación do alumno dunha forma activa, procurando que o alumno aprenda a aprender(participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo, controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo)
- Programación de actividades que dean resposta ás necesidades educativas do alumnado.
- Extrapolación das actividades escolares ó entorno físico e social a través dunha aplicación funcional das aprendizaxes realizadas, chegando a unha maior xeneralización posible deses contidos.
- Uso de instrumentos e recursos variados(vídeos, ordenador...) de maneira que se aproveiten tódalas modalidades posibles de entrada da información.
- Son precisos enfoques didácticos que lle permitan ao alumnado utilizar cada vez máis autonomamente as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.

Globalización mediante:

- Interrelación entre as áreas curriculares, mediante a organización dos contidos que as compoñen e relacionando os saberes aprendidos.
- Análise dos contidos previos que posúe cada alumno para chegar a globalización das súas aprendizaxes.
- Coordinación na programación conxunta de actividades e estratexias que permitan o logro dos obxectivos xerais de etapa.

Normalización a través de:

- A permanencia do alumnado no seu grupo de referencia durante determinadas actividades e tempos.
- O logro dunha meta común como son os obxectivos xerais da etapa que lle permiten obter o título de Graduado en Educación Secundaria.

As capacidades propostas para a ESO deben ser desenvolvidas para acceder ao éxito escolar. Isto implica uns **principios fundamentais**:

-Coñecemento do alumnado e atención á diversidade. Transmitir con ideas claras o que se vai facer, como e con que normas.

-Asunción de métodos pedagóxicos que incidan e non que se afasten do desenvolvemento destas capacidades.

As liñas metodolóxicas xerais que se extraen de todo o anterior deberán:

Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.

Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos, ideas.

Fomentar a formulación de hipóteses.

Buscar, seleccionar e tratar a información.

Fomentar a confrontación clara, respectuosa dela.

Insistir na ordenación das ideas, comparación, xerarquización.

Elaborar percorridos ordenados, lóxicos desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados.

Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.

Comprobar noutros contextos diferentes aos utilizados para o traballo.

Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

Formas de agrupamento do alumnado:

Grupo-clase: estará formado por alumnos e alumnas segundo a súa idade e tentando repartir proporcionalmente en cada clase un número similar de alumnos/as con atraso escolar (ACI, reforzo, materias pendentes) e alumnado cun comportamento máis conflictivo ou inadaptado.

Grupos flexibles ou subgrupos: ademais, dentro de cada grupo haberá os desdobres necesarios para garantir a optatividade, a aplicación das medidas de atención á diversidade (agrupamentos flexibles, desdobrementos de grupo, exención da segunda lingua estranxeira, programas de diversificación curricular, etc.) e acudir ás aulas taller ou laboratorio

2.2.- CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.

A competencia lingüística refírese á utilización da linguaxe como :

- Instrumento de comunicación oral e escrita.
- Instrumento de representación, interpretación e comprensión da realidade.
- Instrumento de construción e comunicación do coñecemento.
- Instrumento de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

Esta competencia inclúe **saberes, habilidades e actitudes** tales como:

- Expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións.
- Dialogar.
- Formarse un xuízo crítico e ético.
- Xerar ideas.
- Estructurar o coñecemento.
- Dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas.
- Adoptar decisións e desfrutar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita.

SABERES	HABILIDADES	ACTITUDES
-Comunicarse e conversar	-Establecer vínculos e relacións cos demais e co contorno.	-Capacidade efectiva de convivir e de resolver conflitos.
-comprender e representar a realidade	- Construír relacións en termos de igualdade.	-Capacidade de comunicarse como eixe da resolución pacífica de conflitos.
-Escoitar, expoñer e dialogar.	-Expresar e comprender mensaxes orais establecidas en diferentes situacións de comunicación. -Utilizar códigos de forma activa e efectiva. -Coñecer as regras do intercambio comunicativo	-Respecto polas quendas de palabra, normas de cortesía..
- Ler e escribir	-Buscar, recompilar e procesar información. -Comprender, compoñer e utilizar diferentes tipos de textos con intencións comunicativas e creativas diversas	- Descuberta da lectura como fonte de pracer, de fantasía, de saber.
-Representarse mentalmente e organizar e autorregular o coñecemento de forma coherente.	-Seleccionar e aplicar obxectivos ás accións propias da comunicación lingüística: diálogo, lectura, escritura ...	-Autocoñecemento.
SABERES	HABILIDADES	ACTITUDES
-Coñecer, observar e analizar reflexivamente o funcionamento da lingua e das súas normas de uso	-Expresar e interpretar diferentes tipos de discurso acordes á situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais. -Coñecer e aplicar de xeito efectivo as regras de funcionamento do sistema da lingua.	- Capacidade de empatía. -Espírito crítico. -Aceptación de críticas con espírito construtivo.

COMPETENCIA MATEMÁTICA

A competencia matemática consiste na habilidade para utilizar e relacionar os distintos elementos presentes nas Matemáticas, como son todos os conxuntos numéricos, as operacións entre eles, os símbolos e as formas de expresión e razoamento. Todos estes elementos servirán, por unha parte, para interpretar variados tipos de información, e por outra, para producilos. Con todo isto, tratarase de pescudar e ampliar o coñecemento sobre aspectos da realidade (numéricos, xeométricos...) e resolver problemas relacionados coa vida cotiá.

A adquisición desta competencia require polo tanto o tratamento de varios aspectos:

- Coñecer e manexar os elementos matemáticos básicos.
- Poñer en práctica procesos de razoamento lóxico.
- Seguir procesos de pensamento e aplicar algoritmos de cálculo.
- Elaborar estratexias de resolución de problemas e de obtención de información.
- Promover unha disposición favorable cara a actividade matemática para acadar seguridade e confianza.
- Ampliar progresivamente o radio de acción a maior cantidade e variedade de contextos e situacións nos que traballar.
- Identificar situacións da vida cotiá que se presten a tratamento matemático e elección das estratexias axeitadas para a resolución dos distintos tipos de problemas.

A consecución de todos estes aspectos non se debe circunscribir unicamente á área das Matemáticas, e participarán dun xeito importante as áreas de outras ciencias (Ciencias Naturais, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Tecnoloxías, Informática) pero tamén outras como Educación Plástica, Ciencias Sociais, etc. a través dalgunhas partes dos seus respectivos currículos; e no resto a través do tratamento con textos.

En definitiva, tratarase de integrar o coñecemento matemático en outros tipos de coñecementos. Esta integración realizarase en dous sentidos: na área de Matemáticas proporanse problemas relativos a outras áreas; en outras áreas, utilizarase o aparato matemático para obter e interpretar información, así como para transmitila.

En canto á metodoloxía, esta deberá ser activa e participativa tal que permita conseguir aprendizaxes significativos. Os aprendizaxes serán funcionais, e dicir, servirán para unha mellor integración na vida diaria e na área profesional. Intentarase que o alumno se interese pola materia obxecto de estudio. Concienciarase ó alumno da necesidade do traballo persoal. Hai que ter en conta que non tódolos alumnos teñen o mesmo nivel e capacidade para aprender, polo tanto confeccionarase por parte dos departamento distintas fichas de traballo.

Cando sexa útil é necesario poderán facerse traballos en grupos, facilitando así ó alumno a posibilidade de integrarse co resto dos compañeiros, así tamén poderán comparar os resultados dos exercicios, comparar distintas formas de facelos, buscar posibles erros, etc., permitindo así un maior desenrolo do espírito crítico. Con este fin tamén se propiciará a saída do alumnado á pizarra para a resolución de exercicios e problemas.

Unhas das tarefas básicas do profesor será a de preparar situacións e problemas de xeito que o seu tratamento conleve a obtención de resultados xeneralizables por parte do alumno, de maneira que sexan eles os que vaian descubrindo novas situacións e conceptos.

As actividades tratarán de relacionar os conceptos matemáticos con outros campos, para lograr unha maior conexión entre as distintas disciplinas, e favorecer así a formación integral do alumno ó mesmo tempo que axudar a comprender mellor os significados dos conceptos relacionándoos co entorno do alumnado.

Nunha clase de Matemáticas, deberíamos "equilibrar" as oportunidades para:

- Explicacións a cargo do profesorado.
- Discusións entre profesorado e alumnos/as e entre os alumnos/as mesmos.
- Traballo práctico axeitado.
- Consolidación e práctica de técnicas e rutinas fundamentais.
- Resolución de problemas, incluída a aplicación das Matemáticas a situacións da vida diaria.
- Traballos de investigación.

Utilizaremos en cada caso o máis adecuado dos procedementos anteriores para lograr a mellor aprendizaxe dos alumnos e alumnas sobre feitos, algoritmos e técnicas, estruturas conceptuais e estratexias xerais. Calquera planificación da ensinanza ou metodoloxía que incluíse de forma equilibrada estes aspectos, poderemos valoralo como positivo. Ata este momento, veuse insistindo moito no dominio case exclusivo de algoritmos e técnicas, o que, efectivamente, produce resultados dun certo tipo a curto prazo, pero anula moitos aspectos de comprensión, non favorece u obstaculiza o desenvolvemento de estruturas conceptuais e, en definitiva, non fai nada por favorecer o desenvolvemento de estratexias xerais para a aprendizaxe matemática.

Por outra parte, hai capacidades en Matemáticas que non se desenvolven "dominando" con soltura algoritmos e técnicas. Trátase de capacidades mais necesarias no momento actual e, con toda seguridade, no futuro. Referímonos a: resolución de problemas, elaboración e comprobación de conxecturas, abstracción, xeneralización... E ademais de ser capacidades máis necesarias, a realidade das clases amosa que os alumnos e alumnas teñen mellor disposición cando se lles propón actividades para desenvolver na clase; é dicir, cando actúan como o fan os matemáticos.

Avogaremos por un ensino das Matemáticas onde interveña moito de descubrimento de conceptos, regularidades e leis por parte do alumno/a e menos de transmisión a cargo do profesorado. Mais de conflito durante a aprendizaxe e menos de acumulación de técnicas, algoritmos e conceptos "coñecidos" previamente polo

profesor/a. En resumo: "Ensinar guiando a actividade creadora e descubridora do alumno/a."

COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO.

Incorpora habilidades para desenvolverse adecuadamente y con autonomía e iniciativa profesional , en ámbitos de la vida e do coñecemento moi diversos como a saúde, o consumo, a ciencia...

Tamén forma parte desta competencia a adecuada percepción do espazo no que se desenvolve a actividade humana, e a habilidade para interactuar co espazo circundante e resolver problemas nos que interviñan os obxectos e a súa posición.

Así mesmo, a interacción co mundo físico leva implícito ser consciente da influencia que ten a presenza das persoas no espazo e a influencia sobre os recursos e o medio natural. Supón así mesmo a análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsables e saudables, e respectuosos co medio.

Esta competencia permite que a partir do coñecemento do corpo humano, da natureza e da interacción cos homes e mulleres, permite adoptar unha disposición a un modo de vida saudable.

As habilidades asociadas ao movemento no espazo físico e a saúde activan esta competencia a través da actividade física e do control do propio corpo. A actividade física está mediatizada polo movemento e as súas funcións. Unha correcta utilización do movemento por medio da actividade física facilitará, ademais dun maior coñecemento de si mesmo, unha utilización mais produtiva do contorno, unhas mellores relacións entre as persoas e un incremento da calidade de vida e da saúde, entendida como un estado de benestar físico, mental e social.

Tamén incorpora a aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos, e de teorías científicas básicas previamente comprendidas. Isto implica a habilidade progresiva para poñer en práctica os procesos e actitudes propias da análise sistemática e de indagación científica: identificar e formular problemas relevantes; realizar observacións directas e indirectas con conciencia do marco teórico ou interpretativo que as dirixe; formular preguntas; localizar, obter, analizar e representar información cualitativa e cuantitativa e suscitar e contrastar solucións, tentativas ou hipótesie.

Son parte desta competencia básica o uso responsable dos recursos naturais, o coidado do ambiente, o consumo

COMPETENCIAS BÁSICAS. TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL

O obxectivo é conseguir que o alumnado:

- Sexa capaz de xestionar a información.
- Sexa capaz de utilizar as tecnoloxías da información e comunicación nas diferentes áreas para xerar nova información (gráficos, resumos, presentacións, planos...)
- Comparta os seus coñecementos con outras comunidades de forma responsable.
- Coñeza os distintos sistemas tecnolóxicos e como estes poden cambiar o mundo persoal e sociolaboral.
- Sexa capaz de resolver problemas reais empregando as novas ferramentas.
- Poida detectar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas e empregalas cando lles sexa de utilidade.
- Sexa autónomo, crítico e reflexivo ao seleccionar e empregar a información e as distintas ferramentas tecnolóxicas.
- Sexa capaz de valorar a información e contrastala se é necesario.
- Respecte as normas establecidas que regulan o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para acadar isto é imprescindible que ao alumnado se lle transmitan uns coñecementos básicos no emprego das diferentes ferramentas e tamén que se potencia o uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles dende as diferentes áreas. A metodoloxía seguida incluírá:

1. Buscar e obter información. Aprenderase a buscala nas diferentes fontes que existen e almacenala en soportes variados.
2. Transformar a información obtida en coñecemento, para o cal é necesario organizala, relacionala e analizala.
3. Transmitir a información e os coñecementos adquiridos empregando as tecnoloxías da información e da comunicación.
4. Empregar estes recursos para comunicarse con outras persoas.

ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

A adquisición da competencia social e cidadá posibilita que os alumn@s comprendan a realidade social na que viven, de xeito que lles permitirá convivir, cooperar e exercer a cidadanía na sociedade actual, e así contribuír a súa mellora.

Deste modo ao intentar que os nosos alumn@s adquiran a competencia social e cidadá pretendemos acadar os seguintes obxectivos

- Que sexan capaces de entender a realidade social e histórica do mundo, da súa evolución, dos seus logros e dos seus problemas.
- Comprender as características da sociedade actual, a súa pluralidade e a súa constante evolución.
- Apreciar as achegas que as diferentes culturas fixeron ao longo da humanidade, ao mesmo tempo que se desenvolve un sentimento de pertenza á sociedade na que se vive, e dicir, facer posible a convivencia dun sentimento de cidadanía global coa identidade local.
- Reflexionar e desenvolver xuízos propios sobre os grandes problemas que afectan á sociedade actual: falta de democracia e vulneración dos dereitos humanos en moitos países do mundo, as desigualdades de poder entre os Estados do planeta, a necesidade mellorar as vías de cooperación entre os Estados, a degradación do medio e o progresivo esgotamento dos recursos naturais...
- Desenvolver habilidades sociais que faciliten a convivencia pacífica, pero que no caso da aparición de conflitos sexan capaces de afrontalos de xeito construtivo e pacífico.
- Que sexan crear un sistema de valores propio partindo principios como o compañeirismo, a solidariedade, a honestidade e a responsabilidade de xeito que o apliquen tanto na vida escolar como persoal ou na futura vida profesional.
- En definitiva, que se formen como cidadáns conscientes dos seus dereitos e deberes, de forma que saiban desenvolverse en todos e cada un dos eidos da vida.

Para acadar estes obxectivos desenvolverase unha metodoloxía participativa, interactiva e dialóxica, xa que así se propiciarán as habilidades precisas para participar na vida cívica, asumir os valores democráticos e para o cumprimento dos deberes. A consecución destes obxectivos será tarefa de todos os integrantes da comunidade escolar e desde todas as materias, sen embargo, non se pode esquecer que hai materias nas que esta labor se ve enfatizada, entre estas pódense destacar as Ciencias Sociais e a Educación para a Cidadanía.

Así pois esta metodoloxía plasmarase en:

- No desenvolvemento cotián da actividade da aula, así por exemplo, amosar respecto pola quenda de palabra, asimilación das normas e as obrigas de cada un para o mellor devir da convivencia.
- Lectura de diferentes tipos de textos (libros, artigos periodísticos, internet...) nas diferentes materias impartidas na ESO nos os alumnos perciban e asuman a diversidade de opinións en todos os ámbitos da vida e que todos son lexítimos sempre que se respecten os dereitos fundamentais das persoas.
- Visionado de películas e documentais nos que os alumn@s poidan observar como en moitos países os dereitos fundamentais das persoas non son respectados, de forma que desenvolvan unha actitude crítica cara estas actitudes, e asuman a necesidade de denunciar calquera situación similar se son coñecedores dela.
- Realización de debates nas que os alumn@s poidan expresar as súas ideas e escoitar as alleas.
- Elaborar reflexións tanto de forma oral como por escrito nas que intenten poñerse no lugar doutras persoas e comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio

- Realización de xogos de simulación a través dos cales os alumn@s poñan en práctica o diálogo e a negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos tanto no ámbito escolar, persoal ou en calquera outro no que se atopen.
- Elaboración de traballos de grupo nos que se teña que poñer en práctica a capacidade de reflexión crítica sobre aspectos como a democracia, a liberdade, a solidariedade, a corresponsabilidade, a cidadanía, os dereitos e deberes dos cidadáns recoñecidos nas declaracións internacionais, na Constitución española e na lexislación da nosa comunidade autónoma.

Mediante o emprego desta metodoloxía, así como calquera outro mecanismo apropiado e que no futuro estea a nosa disposición, intentaremos que os nosos alumn@s se convertan en cidadáns que saiban vivir e convivir nunha sociedade plural, que afronten os conflitos empregando os valores e prácticas democráticas, que actúen con criterio propio e que contribúan a construción constante da democracia cunha actitude solidaria e responsable.

ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

A adquisición da competencia cultural e artística permite coñecer e comprender as diferentes manifestacións do mundo da cultura desenvolvidas ao longo dos séculos pasados, así como no presente, as cales son signos da expresión particular dos pobos.

Así, polo tanto, pretendemos os seguintes obxectivos coa adquisición desta competencia:

- Comprender que por cultura se entende o conxunto de modos de vida e costumes dunha sociedade, e que polo tanto todos pertencemos a algunha cultura e temos a obriga de preservar e manter as súas diferentes manifestacións.
- Desenvolver unha actitude de respecto fronte as diferentes manifestacións culturais e artísticas de sociedades diferentes á propia.
- Coñecer os diferentes mecanismos de expresión das manifestacións culturais e artísticas da actualidade.
- Comprender que as manifestacións culturais e artísticas das diferentes sociedades son cambiantes ao longo do tempo, e reflicten a evolución dos pobos que as producen.
- Desenvolver a capacidade de expresión e comunicación, de percepción e comprensión das diferentes realidades culturais e artísticas.
- Valorar a liberdade de expresión o dereito a diversidade cultural e a importancia da multiculturalidade na actualidade como elemento enriquecedor das sociedades actuais.

Para acadar a competencia cultural e artística desenvolveremos a seguinte metodoloxía:

- Adquisición do vocabulario fundamental que caracteriza as distintas linguaxes artísticas e culturais a través dos contidos de materias como Educación Plástica e Visual, Ciencias Sociais, Literatura.
- Recoñecemento dos elementos culturais e artísticos do entorno máis inmediato dos nosos alumn@s, para iso poderán facerse visitas aos mostras do patrimonio cultural do entorno no que se aplicarán os coñecementos adquiridos.

- Visitas aos exemplos máis significativos da cultura e arte do noso país, de forma que lles sirva para asumir que ao longo dos séculos o ser humano foi creador de obras de arte que se mantiveron ata actualidade, e que polo tanto temos a obriga de loitar pola súa conservación e denunciar todos aqueles feitos que provoquen o seu deterioro.
- Participación ou asistencia a diferentes eventos e manifestacións culturais e artísticas tales como exposicións en museos ou galerías, espectáculos de rúa, obras de teatro, musicais, recitais de poesía... de forma que comprendan que as demostracións culturais e artísticas poden ter moi diversa índole, de xeito que comprendan que a arte é unha creación persoal e que polo tanto non hai unha única interpretación da mesma senón tantas como artistas, e que a arte é cambiante ao longo do tempo, xa pouco teñen que ver as expresións artísticas da Idade Media coas montaxes da arte actual
- Intervención en la creación de obras de arte tales como murais, cadros, esculturas, nas que se porán en práctica as técnicas aprendidas en materias como Educación Plástica e Visual.
- Lectura de obras significativas da literatura universal (nas diversas linguas que se estudan no centro), así como da literatura galega xa que así de irá desenvolvendo, pouco a pouco o gusto pola lectura que contribuirá a crear unha certa bagaxe cultural nos nosos alumn@s.
- Participación en concursos de creación literaria tanto a escala interna convocados polo centro, así como en outros promovidos por institucións alleas ao centro.

A través destas accións metodolóxicas, así como doutras que vaian xurdindo, pretendemos que os nosos alumn@s se convertan, na medida do posible en persoas que respecten, defendan e contribúan a conservación e mellora do noso patrimonio cultural e artístico.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

Significados

- Supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

Ten dúas **dimensións fundamentais**:

- A adquisición da conciencia das propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas), do proceso e das estratexias necesarias para desenvolvelas, así como do que se pode facer coa axuda doutras persoas ou recursos
- Dispoñer dun sentimento de competencia persoal, que redunde na motivación, na autoconfianza e no gusto por aprender.

- Significa ser consciente do que se sabe e do que cómpre aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.

- Require coñecer as propias potencialidades e carencias.

- Comporta ter conciencia daquelas **capacidades que entran en xogo na aprendizaxe**, como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación de logro, e obter un rendemento máximo e personalizado delas coa axuda de **distintas estratexias e técnicas**: de estudo, de observación e rexistro sistemáticos de feitos e relacións, de traballo cooperativo e por proxectos, de resolución de problemas, de planificación e de organización de actividades e tempos de forma efectiva, ou do coñecemento sobre os diferentes recursos e fontes para a recolla, selección e tratamento da información, incluídos os recursos tecnolóxicos.
- Implica a curiosidade de formularse preguntas, identificar e manexar a diversidade de respostas posibles ante unha mesma situación ou problema utilizando diversas estratexias e metodoloxías que permitan afrontar a toma de decisións, racional e criticamente, coa información dispoñible.
- Inclúe habilidades para obter información e transformala en coñecemento propio, relacionando e integrando a nova información cos coñecementos previos e coa propia experiencia persoal e sabendo aplicar os novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e contextos diversos.
- Require proporse metas alcanzables a curto, medio e longo prazo e cumprilas.
- Supón ser capaz de autoavaliarse e autorregularse, responsabilidade e compromiso persoal, saber administrar o esforzo, aceptar os erros e aprender de e coas demais persoas.

En síntese, aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, de todo o cal se desenvolve a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

Significados

- Refírese á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de **valores e actitudes persoais interrelacionadas**, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.
- Remite á capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal coma no social e no laboral.
- Supón poder transformar as ideas en accións, é dicir, propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo proxectos. Require poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica. Ademais, analizar posibilidades e

limitacións, coñecer as fases de desenvolvemento dun proxecto, planificar, tomar decisións, actuar, avaliar o feito e autoavaliarse, extraer conclusións e valorar as posibilidades de mellora.

- Dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, para cooperar e para traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para comunicarlles adecuadamente ás outras persoas as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible.

En síntese, a autonomía e a iniciativa persoal supoñen ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

3.- PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Despois da aprobación e publicación do novo Decreto 79/2010 , para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia que regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo fíxose necesario introducir unhas correccións no proxecto lingüístico para adaptalo á nova lexislación.

1.- DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR.

De acordo coa normativa disposto no decreto 79/2010 en educación secundaria obrigatoria cómpre indicar o seguinte.

- a) Impartíranse en galego as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.
- b) *Cada centro educativo decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanas, sen prexuízo do disposto sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras.*
- c) *Os materiais e libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia.*

En relación ao mencionado anteriormente a distribución de horas de lingua galega e castelán nos diferentes cursos queda establecida da seguinte forma:

1º ESO			
MATERIA	HORAS	ANTES	AGORA
Ciencias da Natureza	4	Galego	Galego
1ª Ling. Estranx. Inglés	3	Inglés	Inglés
2ª Ling. Estranx. Francés	2	Francés	Francés
Ciencias Sociais	3	Galego	Galego
Educación Física	2	Galego	Castelán

Lingua Castelá	4	Castelán	Castelán
Lingua Galega	4	Galego	Galego
Matemáticas	4	Galego	Castelán
Plástica	2	Castelán	Castelán
Proxecto Interdisciplinar	1	Galego	Galego
Relixión	2	Galego	Galego

TOTAL 14 GALEGO 12 CASTELÁN

2º ESO			
MATERIA	HORAS	ANTES	AGORA
Ciencias da Natureza	3	Galego	Galego
1ª Ling. Estranx. Inglés	3	Inglés	Inglés
2ª Ling. Estranx. Francés	2	Francés	Francés
Ciencias Sociais	3	Galego	Galego
Educación Física	2	Galego	Castelán
Educación para a Cidadanía	2	Galego	Galego
Lingua Castelá	3	Castelán	Castelán
Lingua Galega	3	Galego	Galego
Matemáticas	4	Galego	Castelán
Música	2	Galego	Galego
Relixión	1	Galego	Galego
Tecnoloxía	3	Galego	Castelán

TOTAL 14 GALEGO 12 CASTELÁN

3º ESO			
MATERIA	HORAS	ANTES	AGORA
Bioloxía e Xeoloxía	2	Galego	Galego
1ª Ling. Estranx. Inglés	3	Inglés	Inglés
Ciencias Sociais	3	Galego	Galego
Educación Física	2	Castelán	Galego
Educación Plástica e Visual	2	Castelán	Castelán
Física	2	Galego	Castelán

Lingua Castelá	3	Castelán	Castelán
Lingua Galega	3	Galego	Galego
Matemáticas	4	Galego	Castelán
Música	2	Galego	Galego
Optativa	2	Galego?	Galego
Relixión	1	Galego	Galego
Tecnoloxía	2	Galego	Castelán

TOTAL 15 GALEGO 13 CASTELÁN

4º ESO			
MATERIA	HORAS	ANTES	AGORA
Bioloxía e Xeoloxía	3	Galego	Galego
1ª Ling. Estranx. Inglés	3	Inglés	Inglés
2ª ling. Estranx. Inglés	3	Inglés	Inglés
Ciencias Sociais	3	Galego	Galego
Educación Ético-Cívica	1	Galego	Galego
Educación Física	2	Castelán	Castelán
Educación Plástica e Visual	3	Castelán	Castelán
Física	3	Galego	Castelán
Informática	3	Galego	Galego
Latín	3	Castelán	Castelán
Lingua Castelá	3	Castelán	Castelán
Lingua Galega	3	Galego	Galego
Matemáticas	3	Galego	Castelán
Música	3	Galego	Galego
Relixión	1	Galego	Galego
Tecnoloxía	3	Galego	Castelán

TOTAL 11 GALEGO(comúns)

11 CASTELÁN(comúns)

CIENCIAS: BIOLOXÍA 3(galego)

FÍSICA 3 (castelán)

TECNOLOXÍA 3 (castelán)

LETRAS: LATÍN 3 (castelán)

MÚSICA 3 (galego)

2.- MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN.

2.1.- REQUISITOS PARA A EXENCIÓN DO GALEGO E DURACIÓN

Artigo 18º.-Exención da cualificación das probas de lingua galega.

1. O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en educación secundaria obrigatoria procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares.

2. A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

3. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as de clase.

4. O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a, a revogación da exención.

5. Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atopa.

6. Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

Artigo 19º.-Solicitudes de exención.

1. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares consecutivos, conforme o previsto no artigo anterior deste decreto.

2. As solicitudes de exencións dirixiranse aos directores/as dos centros. Os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolverán sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da presentación da documentación completa.

3. A resolución da dirección do centro docente público poderá ser impugnada mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2.2.-MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN.

- Elaboraranse materiais didácticos diversos que garantan a adquisición paulatina dun nivel aceptable de coñecemento das novas linguas: facilitar material complementario adaptado as dificultades do alumno/a.
- Crearase unha comisión que valorará o aproveitamento da aprendizaxe da lingua por parte do alumnado afectado, así como a súa actitude, aproveitamento e nivel de competencia adquirido.
- Elaboración dunha guía de léxico esencial dende todas as linguas (galego, castelán, inglés e francés).
- Posibilidade de facer intercambios lingüísticos con outros institutos de outras zonas.
- Emprego de textos comparativos en distintas linguas con referencia ao mesmo tema.
- Emprego das diferentes linguas en aspectos máis lúdicos do proceso ensino-aprendizaxe.

3.- OS OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

3.1.- OS OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

- Promover o uso normal da lingua galega en todos os ámbitos da actividade educativa e favorecer a competencia lingüística plena nos diferentes sectores que integran a vida escolar.
- Normalizar e mellorar o uso da lingua, asegurando a súa presenza nas materias establecidas.
- Desenvolver actitudes favorables en prol da nosa lingua e da nosa cultura. Así mesmo procurar dotar os diferentes membros da comunidade educativa de actitudes favorables ante o proceso de normalización.
- Dotar a biblioteca escolar dun fondo bibliográfico, audiovisual e tecnolóxico en galego que permita dar resposta ás necesidades de información que demanda a sociedade actual.
- Favorecer o coñecemento da realidade galega no seu conxunto e en particular a realidade máis próxima: a arquitectura, a música, a arte, os modos de produción, o patrimonio lúdico...

3.2.- MEDIDAS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

- Realizar campañas de sensibilización que favorezan o emprego da lingua galega como lingua de contacto oral e escrito habitual entre o profesorado, o alumnado e as familias, que promovan a análise dos prexuízos existentes sobre a lingua galega e melloren a súa valoración para seguir avanzando no proceso de normalización lingüística do centro.
- Manter informada á comunidade educativa dos obxectivos lingüísticos do centro, dos seus fundamentos e do valor da presenza da lingua galega no sistema educativo.
- Facilitar información sobre materiais e recursos existentes en galego, sobre cursos de formación e outras actividades que favorezan a competencia lingüística do profesorado, do alumnado e do demais persoal do centro.
- Coidar do cumprimento da normativa vixente sobre normalización lingüística e adoptar as medidas correctoras que sexan precisas.
- Intercambiar experiencias normalizadoras con outros centros e entidades e colaborar con eles na organización de actividades conxuntas.
- Actualizar periodicamente a diagnose da situación da lingua galega no contorno do centro mediante a aplicación de enquisas e a elaboración de conclusión que nos sirvan como punto de partida 1 vez ao ano.
- Desenvolver proxectos e organizar actividades que permitan un mellor coñecemento da historia, cultura e realidade máis próxima e da realidade galega.
- Promover plans de lectura mediante técnicas de animación e outras actividades en colaboración coa biblioteca do centro.
- Incorporar o galego ás novas tecnoloxías conseguindo novos espazos de uso relacionados cos intereses do alumnado.
- Demandar da Administración a creación de novos materiais que faciliten o proceso normalizador, sobre todo no eido audiovisual e informático e a formación que favoreza a competencia lingüística do profesorado.

4.- INCORPORACIÓN, A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS DA EDUCACIÓN EN VALORES.

1.-Fomentar unha verdadeira educación fundamentada en valores, actitudes e coñecementos:

- **RESPECTO:** a si mesmo, ós demais, á natureza e ós obxectos.
- **RESPONSABILIDADE:** esixencia de cumprir os compromisos e deberes.
- **ESFORZO:** para superarse e corrixir erros e aprender.
- **IGUALDADE:** no cumprimento dos dereitos e deberes.
- **LIBERDADE:** recoñecendo as limitacións da propia no respecto á dos demais.
- **PAZ:** evitando a violencia e buscando a convivencia pacífica.
- **PLURALIDADE:** aceptando as ideas dos demais.
- **SINCERIDADE:** aceptación dos erros.
- **SOLIDARIEDADE:** compartindo os problemas e éxitos cos demais.
- **TOLERANCIA:** respecto e comprensión cara as ideas e accións alleas.

A suma destes valores terá como resultado a **DIGNIDADE** de todos os membros desta comunidade educativa.

Para garantir o respecto ós principios de pluralismo, convivencia e democracia , poderanse establecer medidas alternativas ou complementarias que se estimen oportunas para a resolución pacífica de conflitos.

2.- Conseguir unha convivencia democrática e participativa, baseada na capacidade de expresar as opinións propias e escoltar e respectar as dos demais. Potenciar os mecanismos para a maior participación posible dos membros da comunidade escolar. Facer do instituto unha institución cultural e educativa, integrada no contorno e aberta á participación.

3.- Procurar desenvolver a nosa acción educativa dentro dun clima agradable, tranquilo e acoledor. Establecer e proporcionar canles de comunicación entre os membros da comunidade escolar.

4.- Promover n@s alumn@s a autonomía persoal, potenciando a capacidade de tomar decisións e asumir as consecuencias, desenvolvendo a capacidade de aceptar os propios erros e recoñecer os propios acertos.

5.- Axudar @s alumn@s a desenvolverse intelectualmente a través das súas capacidades de observación, expresión, concentración e de orde; e crear hábitos de traballo e de estudo. Ensinar @ alumn@ a aprender a aprender.

6.- Coidar da saúde d@s alumn@s, desenvolvendo hábitos saudables e prevendo o inicio de hábitos perigosos.

7.- Preparar @s alumn@s para a vida académica, social e laboral, propiciar a comprensión e o respecto pola realidade, desenvolvendo actitudes cívicas. Proporcionarlles unha orientación persoal, escolar e profesional, para que sexan capaces de tomar decisións sobre o seu futuro académico e laboral.

8.- Procurar a mellora dos resultados académicos, adaptando as estratexias de ensino e a oferta educativa do centro ás necesidades reais d@s nos@s alumn@s, tratando de reducir as porcentaxes de repetición e atraso escolar. Ofertar posibilidades de acadar os obxectivos educativos á totalidade do alumnado.

9.- Respectar a diversidade e adaptar o ensino, dentro das posibilidades e recursos de que dispoñemos, ás necesidades especiais de todos e cada un d@s nos@s alumn@s.

10.- Procurar unha axeitada organización dos elementos humanos, funcionais e materiais do centro. Dotalo, progresivamente, de todos aqueles medios materiais e humanos necesarios para o seu correcto funcionamento.

11.- Considerar o traballo como unha tarefa responsable e en equipo. Propiciar a coordinación para unificar esforzos na consecución destes obxectivos.

12.- Potenciar, favorecer e seleccionar aquelas actividades complementarias e extraescolares que complementen a liña pedagóxica e educativa do centro. Implicar á escola nas actividades do medio ambiente.

13.- Coidar os proxectos lingüísticos para fomentar o uso correcto das linguas galega e castelá e a valoración das mesmas.

14.- Potenciar e propulsar desde o centro o desenvolvemento do medio no que traballamos. Despertar no alumnado un sentimento positivo en relación co contorno. Conciencialos, dentro do posible, da necesidade de desenvolvemento do contorno: transmitindo a valoración da zona, a crenza nas súas posibilidades de desenvolvemento e o protagonismo que @s alumn@s puideran ter neste proceso.

15.- Establecer procedementos para verificar a adecuación dos obxectivos á realidade.

Os obxectivos referidos ó desenvolvemento do currículo estarán recollidos nas programacións de aula e serán elaborados polo profesorado do centro.

5.- CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación inicial considerámola fundamental para poder conseguir que a ensinanza se adapte ás capacidades e coñecementos previos do alumnado. En consecuencia, ó comezo de curso farase unha exploración inicial global concibida non como proba ou exame, senón como un mecanismo de coñecemento ou referente de partida para a planificación da programación e da axuda posterior, en función das necesidades detectadas.

Trátase de captar as actitude ante a aprendizaxe e as capacidades para aprender.

A estes efectos, propónse que nos Departamentos se elaboren uns modelos ou esquemas de contidos para esta avaliación sobre técnicas instrumentais (lectura, comprensión e expresión, cálculo...) Establécese como criterio común de avaliación a corrección ortográfica.

Unha vez realizada esta exploración inicial polos departamentos realizaranse reunións de nivel nas primeiras semanas de curso, comenzando preferentemente por 1º nivel. Nesta xuntanza contrastarase e poñerase en común a información obtida nesta avaliación inicial.

Dentro da avaliación formativa, cada departamento redactará unhas normas claras a seguir nesa área concreta, que dará a coñecer ó alumnado. Considérase unha medida imprescindible incluír sempre en cada avaliación contidos básicos a recuperar da(s) avaliación(s) anterior(es). Os diferentes departamentos indicarán nas programacións didácticas os mecanismos ou sistemas de recuperación a seguir, así como os contidos mínimos esixibles para asegurar este proceso. Esta medida coidarase expresamente en materias con contidos máis dispares, onde a continuidade resulta máis difícil.

Na avaliación sumativa terase en conta tanto o resultado final de adquisición de coñecementos coma o proceso seguido polo alumno/a. Avaliaranse os tres tipos de contidos: conceptuais, procedimentais e actitudinais.

Ó remate do curso, ademais da información ó alumno e a súa familia, deixarase elaborado un informe individualizado de cada alumno/a que sirva de base para o titor/a do curso seguinte. Este informe será elaborado polo titor/a do alumno/a correspondente coa participación de todo o profesorado de nivel.

NOME DO ALUMNO/A:.....

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas adoptadas no curso actual

- | | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Ningunha (non se consideran necesarias). | <input type="checkbox"/> Integración de materias en ámbitos |
| <input type="checkbox"/> Reforzo Educativo (RE) dentro do grupo. | <input type="checkbox"/> Exención da 2ª lingua estranxeira |
| <input type="checkbox"/> Reforzo Educativo (RE) na aula de apoio. | <input type="checkbox"/> Programa de reforzo educativo (recuperación materias pendentes) |
| <input type="checkbox"/> Adaptación Curricular (AC). | <input type="checkbox"/> Plan específico personalizado (para repetidores). |
| <input type="checkbox"/> Agrupamento flexible | <input type="checkbox"/> Atención específica para o alumnado con incorporación tardía ó sistema educativo: <input type="checkbox"/> |
| <input type="checkbox"/> Diversificación Curricular: 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/> | Escolarización en cursos inferiores |
| <input type="checkbox"/> Programas de Cualificación Profesional Inicial | <input type="checkbox"/> Por graves carencias nas linguas galega e castelá |
| <input type="checkbox"/> PROA | <input type="checkbox"/> Outras |

AVALIACIÓN CONTINUA

Observacións do resultado

- PROMOCIONA
- Con todo aprobado
 - Porque xa permaneceu un ano no mesmo curso sen acadar os obxectivos.
 - Coa avaliación negativa nas materias/ámbitos seguintes:
.....
- NON PROMOCIONA: Debe permanecer un ano máis no curso

Propostas de mellora. Medidas de atención a diversidade a adoptar

- | | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Ningunha (non se consideran necesarias). | <input type="checkbox"/> Integración de materias en ámbitos |
| <input type="checkbox"/> Reforzo Educativo (RE) dentro do grupo. | <input type="checkbox"/> Exención da 2ª lingua estranxeira |
| <input type="checkbox"/> Reforzo Educativo (RE) na aula de apoio. (recuperación materias pendentes) | <input type="checkbox"/> Programa de reforzo educativo |
| <input type="checkbox"/> Agrupamento flexible. | <input type="checkbox"/> Plan específico personalizado (para repetidores). |
| <input type="checkbox"/> Diversificación Curricular: 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> Atención específica para o alumnado con incorporación tardía |
| <input type="checkbox"/> Programas de Cualificación Profesional Inicial | ao sistema educativo: |

PROA inferiores Escolarización en cursos

Por graves carencias nas linguas galega e castelá

Outras

GRAO DE DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E OS OBXECTIVOS XERAIS

		M B	B	R	M	MM
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA	Capacidade de comprensión (lectora, de textos, explicacións ...)					
	Capacidade de expresión (comunicación oral/escrita, expositiva...)					
COMPETENCIA MATEMÁTICA	Manexo operacións matemáticas básicas					
	Aplicación de técnicas de cálculo e resolución de problemas					
COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO	Uso, coidado e protección do medioambiente e da saúde individual ou colectiva					
	Habilidade movemento, actividade física					
COMPETENCIA DIXITAL	Busca da información e manexo das TIC					
COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ	Práctica normas cívicas de convivencia e exercicio da cidadanía democrática					
COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA	Coñece e valora as diferentes manifestacións artísticas, culturais (música, arte, literatura)					
COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER	Capacidade de concentración, memoria.					
	Esforzo, responsabilidade, motivación.					
	Manexo dos recursos ou técnicas de traballo ou estudo.					
AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL	Habilidade para relacionarse ou traballar en equipo					

VALORACIÓN DO PROXECTO INTERDISCIPLINAR

--

OBSERVACIÓNS

--

A Ponte do Porto,dede

O/A TITOR/A

Asdo:

6.- LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os obxectivos e a titulación correspondente.

En canto se detecten dificultades e na medida dos recursos dispoñible o centro poñerá en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes ás características do seu alumnado e que poderán ser tanto organizativas como curriculares

TIPOS DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas curriculares: teñen a finalidade de posibilitar desenvolvementos do currículo diferentes en función das posibilidades e necesidades do alumnado.

Medidas organizativas: afectan á forma na que están estruturadas os agrupamentos.

- Ordinarias: modifican os elementos non prescriptivos do currículo: a metodoloxía, secuencia e organización de contidos, secuencia e tipo de actividades, formas e instrumentos de avaliación e organización dos agrupamentos dentro da aula.

- Extraordinarias: modifican os elementos prescriptivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

- Preventivas

MEDIDAS	CURRICULARES	ORGANIZATIVAS
ORDINARIAS	. TITORÍA . OPTATIVIDADE . REFORZO EDUCATIVO(R.E) . EXENCIÓN DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA . PROGRAMA DE REFORZO EDUCATIVO/DE RECUPERACIÓN . PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO . PROA	. INTEGRACIÓN DE MATERIAS EN ÁMBITOS . ATENCIÓN ESPECÍFICA PARA ALUMNADO CON GRAVES CARENCIAS NAS LINGUAS (INCORPORACIÓN TARDÍA Ó SISTEMA EDUCATIVO) . O APOIO EN GRUPOS ORDINARIOS . AGRUPAMENTOS FLEXIBLES . O APOIO OCASIONAL FÓRA DO GRUPO ORDINARIO . DESDOBRAMENTOS DE GRUPO(MATEMÁTICAS, LINGUAS E TECNOLOXÍA) . AULAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA
	. ADAPTACIÓN	. PERMANENCIA DUN ANO MÁIS

EXTRAORDINARIAS	CURRICULAR (ACS) . ESCOLARIZACIÓN EN CURSOS INFERIORES(INCORPORACIÓN TARDÍA Ó SISTEMA EDUCATIVO) . AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA	. PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR (P.D.C.) . PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL
PREVENTIVAS		. AVALIACIÓN INICIAL . ORIENTAC. ACADÉMICA E PROFESIONAL

A TITORÍA: Dimensión educativa da práctica docente que favorece:

- A **integración do alumnado** na vida do centro educativo.

- A realización do seu proceso educativo, o que lle axudará a **superar los obstáculos** que poidan dificultar a súa aprendizaxe e realizar unha **toma de decisión s responsable** respecto ó seu futuro académico e profesional.

O REFORZO EDUCATIVO: Implica a modificación dos elementos non prescriptivos do currículo(**secuencia e organización de contidos, secuencia e tipos de actividades, formas e instrumentos de avaliación, organización dos agrupamentos dentro da aula**).

O alumnado que recibe o apoio educativo, proposto polo profesorado do centro, seleccionase de acordo cos seguintes criterios:

- Forte atraso escolar.
- Actitude positiva de cara ás aprendizaxes.
- Atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.
- Aproveitamento do tempo de atención individualizada.
- Estar preferentemente escolarizado no 1º ciclo.

A adopción deste tipo de medida é responsabilidade do profesorado de área que deberá informar ó profesor/a titor/a quen á súa vez informará ó Equipo Directivo e á familia do alumno/a que recibe reforzo educativo. Debe quedar reflectida no expediente académico do alumno/a. É requisito indispensable para acceder a un programa de diversificación curricular. (*Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións curriculares*).

A INTEGRACIÓN DE MATERIAS EN ÁMBITOS: Está destinada a diminuír o número de profesoras e profesores que interveñen nun mesmo grupo e deberá respectar os obxectivos, contidos e criterios de avaliación de todas as materias que se integran, así como o horario asignado ao conxunto delas. (Decreto 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria).

Os agrupamentos de materias en ámbitos poderanse adoptar nos cursos 1º e 2º. Estes agrupamentos faranse para efectos de organización e significarán que unha soa persoa deba impartir docencia de máis dunha materia. Cada unha das materias terá o

seu propio currículo e o tratamento, para efectos de avaliación, será o mesmo que cando é impartida por separado.(Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria)

OS PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR: Medida dirixida a alumnos e alumnas desde o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria que fosen obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas e atoparse nunha situación de risco evidente de non alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa cursando o currículo ordinario. Ademais deben existir expectativas razoables de que a incorporación ó programa poderán o título de graduado en educación secundaria e aprendizaxe e que recibisen medidas complementarias de adaptación do currículo. Poderán incorporarse alumnos e alumnas que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria , non estar en condicións de promocionar ao curso seguinte e que repetisen xa unha vez na etapa.
- Tras cursar o terceiro curso, non estar en condicións de promocionar.
- Tras repetir o terceiro curso, non superalo.
- Ter cursado o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria sen superalo e ter repetido xa unha vez na etapa..(Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria)

PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL: Medida que ten como finalidade favorecer a inserción social, educativa e laboral dos mozos e mozas. Poderán acceder as alumnas e alumnos maiores de dezaseis anos, cumpridos con anterioridade ao 31 de decembro do ano en que se inicia o programa, que non obtivesen o título de graduado en educación secundaria. Excepcionalmente, poderán acceder as alumnos e alumnas de quince anos de idade, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a. Acordo das alumnas e alumnos, nais e pais ou tutores.
- b. Ter cursado segundo de educación secundaria obrigatoria, non estar en condicións de promocionar a terceiro e ter repetido xa unha vez na etapa.
- c. Compromiso de cursar os módulos voluntarios aos se fai referencia no artigo 30.3º.c) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- d. Informe favorable do Departamento de Orientación do centro. (Decreto 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria)

A OFERTA DE MATERIAS OPTATIVAS

- a. Nos cursos primeiro e segundo non haberá materias optativas.
- b. No terceiro e cuarto curso o alumnado cursará unha materia optativa en cada un deles.
- c. Os centros poderán ofertar un máximo de catro materias optativas.
- d. Entre esas catro materias estarán, obrigatoriedade, cultura clásica, obradoiro de iniciativas emprendedoras e segunda lingua estranxeira.
- e. As materias de cultura clásica e obradoiro de iniciativas emprendedoras poderán ser cursadas nun dos dous cursos, terceiro ou cuarto.
- f. A segunda lingua estranxeira poderá ser cursada nos dous cursos, terceiro e cuarto. (Orde do 6 setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria)
- g. Con carácter excepcional poderanse autorizar, de acordo co procedemento que se estableza, unha materia optativa proposta polos centros que garde relación coas características do seu medio xeográfico e sociocultural e que facilite a inserción na

vida activa.(Decreto 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria)

ATENCIÓN ESPECÍFICA PARA O ALUMNADO CON INCORPORACIÓN TARDÍA Ó SISTEMA EDUCATIVO: ESCOLARIZACIÓN EN CURSOS INFERIORES

A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.

Os que presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular de dous anos ou máis anos, poderán ser escolarizados nun ou en dous cursos inferiores ao que lles correspondería por idade, sempre que a dita escolarización lles permita completar a etapa nos límites da idade establecidos con carácter xeral, adoptándose as medidas de reforzo educativo máis adecuadas para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do desfase curricular e para que lles permitan continuar con aproveitamento os seus estudos. (Decreto 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria)

ATENCIÓN ESPECÍFICA PARA O ALUMNADO CON INCORPORACIÓN TARDÍA Ó SISTEMA EDUCATIVO CANDO PRESENTEN GRAVES CARENCIAS NAS LINGUAS:

Cando presenten graves carencias na lingua galega e/ou na lingua castelá recibirán unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á escolarización no grupos ordinarios, cos cales compartirán o maior tempo posible do horario semanal. (Decreto 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria)

EXENCIÓN DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua, poderá quedar exento de cursar a materia común da segunda lingua estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior coa colaboración do Departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. No seu expediente académico figurará coa mención de exento.(Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria)

PROGRAMA DE REFORZO EDUCATIVO: Será para o alumnado que promocióne sen ter superadas todas as materias, destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa.(Decreto 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria)

PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO: Será para o alumnado que non promocióne e deba permanecer un ano máis o mesmo curso, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior, de acordo co que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (Decreto 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria)

ADAPTACIÓNS DO CURRÍCULO

O currículo poderá ser flexibilizado para poder atender a diversidade do alumnado: por enriquecemento, engadindo ou cambiando a dificultade dalgún dos contidos no caso do alumnado con altas capacidades; con adaptacións que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación, no caso de alumnado con necesidades educativas especiais. En calquera dos casos, a medida adoptada estará encamiñada ao logro das competencias básicas e dos obxectivos xerais da etapa.

Nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais que non poida seguir as normas establecidas con carácter xeral pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o currículo será adaptado de acordo coas medidas oportunas que determine a Administración educativa, coa finalidade de proporcionarlle unha atención o máis adecuada a cada caso. (Orde do 6 setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria)

Na educación secundaria obrigatoria poderanse realizar adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo, dirixidas a este alumnado con necesidades educativas especiais.

Estas adaptacións curriculares, que estarán precedidas en todo caso dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumnado e a conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades da alumna ou alumno; a avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións. (Decreto 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria).

Adaptacións curriculares : Proposta curricular específica para un alumno ou alumna con necesidades educativas especiais. Nesta proposta introdúcense modificacións significativas nos elementos prescriptivos do currículo común (**obxectivos, contidos e criterios de avaliación**) e pode afectar a unha, a varias ou a tódalas áreas. (Orde do 6 de outubro de 1995). Os elementos dos que consta son os seguintes:

Elaboración das adaptacións curriculares

Proceso de toma de decisións

Polo **carácter extraordinario** que esta medida de atención á diversidade implica, cómpre que antes de toma-la decisión de realizar unha adaptación curricular individualizada se teñan aplicadas outras medidas menos excepcionais: flexibilización na temporalización pra conseguir os obxectivos, organización das actividades con distinto grao de dificultade, tratamento dos contidos básicos do currículo unicamente, cambios na metodoloxía, etc.

A pertinencia ou non dun ACS debe ser valorada en conxunto polo profesorado do alumno/a, orientadora nunha reunión presidida pola Xefa de Estudos.

O deseño e desenvolvemento da ACS é **responsabilidade do profesorado que imparte a área ou materia**, coa colaboración dos departamentos didácticos, co asesoramento do departamento de orientación do centro e , cando sexa necesario, do equipo de orientación específico provincial ou de calquera outro profesional que participe na atención ó alumnado con necesidades educativas especiais.

Para a posta en marcha dunha ACS é **prescriptiva unha avaliación psicopedagóxica** que valore as circunstancias individuais, sociofamiliares e escolares do alumno/a.

Elaboración

Na realización dunha ACS serán elementos do currículo susceptibles de **modificación os obxectivos, contidos e criterios de avaliación** que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados.

Para a selección dos obxectivos e contidos da ACS deberanse priorizar:

- Os de maior carácter funcional e instrumental.
- Os máis adaptados ós intereses, capacidades e necesidades do alumno/a.
- Na medida do posible, os obxectivos xerais básicos da ESO establecidos no PCC.

Para o desenvolvemento da ACS é esencial basearse nos seguintes principios:

- Considerar os intereses do alumno/a e os seus coñecementos previos.
- Adecuar as actividades ó estilo e ritmo de aprendizaxe do alumno/a.
- Elaborar unha secuencia de contidos cunha progresión lenta e moi graduada ou máis rápida, segundo corresponda.
- Organizar os contidos cun enfoque globalizador ou con carácter interdisciplinar, de tal maneira que se segreguen o menos posible as áreas ou materias que compoñen o currículo.
- Diseñar actividades que conxuguen agrupamentos flexibles, potenciando os grupos cooperativos que lle posibiliten ó profesorado unha atención máis individualizada a estes alumnos/as.
- Utilizar materias de apoio que reforcen as aprendizaxes básicas.

Cada adaptación curricular ten os seus propios criterios de avaliación, polo que o alumno é avaliado en función do logro dos obxectivos establecidos na súa ACS. Isto non significa que se o seu resultado mediante ACS é satisfactorio xa que para obter unha cualificación positiva e para a obtención do título de graduado en Educación Secundaria o referente son, para tódolos alumnos/as, os obxectivos xerais de ciclo, curso ou da etapa, segundo corresponda, establecidos nas diferentes programacións.

A adaptación curricular reflectirase como ACS **no expediente académico do alumno/a, no informe ós pais e no libro de escolaridade.**

As adaptacións curriculares revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ó remate de cada curso.

AVALIACIÓN INICIAL: Unha das medidas máis evidentes para previr e detectar problemas de aprendizaxe é o coñecemento temperá do alumno/a variables tales como competencia curricular, características persoais e circunstancias de tipo escolar, social ou familiar, que poidan influír no proceso de aprendizaxe.

ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL: Que debe favorecer o coñecemento polo alumno/a das diferentes opcións académicas e profesionais, favorecendo a madurez vocacional e a elección de itinerarios formativos que se axusten aos intereses, capacidade e motivacións. As actividades desta se axustarán ao previsto no PO, PA e no PEC.

7.- PLANS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.

PLANS ESPECÍFICOS DE RECUPERACIÓN/REFORZO DAS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS (Incluídos nas programacións didácticas dos Dptos.)

PLANS DE RECUPERACIÓN DE APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS DO ALUMNADO QUE NON PROMOCIONE E PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.
(Incluídos nas programacións didácticas dos Dptos.)

PROGRAMA DE REFORZO D@S ALUMN@S QUE PROMOCIONEN DE CURSO CON MATERIAS PENDENTES.(Incluídos nas correspondentes programacións didácticas dos Dptos.)

8.-A BIBLIOTECA E O PROXECTO LECTOR DO CENTRO

ÍNDICE:

CONTEXTO ESCOLAR DO CENTRO EDUCATIVO

FINALIDADE DO PROXECTO LECTOR

CARACTERÍSTICAS E FUNCÍONS ACTUAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

COORDINACIÓN DO PLAN ANUAL DE LECTURA

PLAN DE ACTUACIÓN PROPOSTO

NECESIDADES, COMPROMISO E FORMACIÓN DO PROFESORADO

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1) CONTEXTO ESCOLAR DO CENTRO EDUCATIVO

Características do entorno social do centro

As características do centro aparecen recollidas no PEC. Mencionamos aquí as que nos parece que teñen maior incidencia neste Proxecto Lector.

A situación xeográfica marca o contexto socio-cultural de forma importante, xa que historicamente esta comarca estivo moi afastada dos centros económicos e culturais da comunidade, dada a mala situación das comunicacións, que só nos últimos anos están sendo melloradas de forma notoria.


No que respecta ás telecomunicacións, o acceso á rede está limitado segundo os lugares e parroquias do Concello, con núcleos de poboación aos que non chega a conexión ADSL, o que crea desigualdade de oportunidades dependendo do lugar de residencia. O número de familias con conexión é moi limitado. Ademais, moitas veces este conexión faise a través de módem para a liña telefónica convencional, o que fai a conexión extremadamente lenta e se capacidade para os programas utilizados na actualidade. A chamada “brecha dixital” empeza a ser patente no ámbito de actuación deste Instituto.

No alumnado tamén podemos distinguir -facendo xeneralidades que, por suposto teñen as súas excepcións- o alumnado que procede de familias adicadas á pesca e os que proceden de familias adicadas ao agro, e que presentan rasgos de comportamento moi diferenciados. O alumnado con familias adicadas ao sector servizos son as menos.


O concello de Camariñas segue, na actualidade, a sufrir una importante perda de poboación, xa que a xente nova desprázase cara ás cidades e outras comunidades autónomas.

Análise das prácticas lectoras do alumnado


Nas enquisas realizadas entre o profesorado a capacidade de lectura mecánica e comprensiva do noso alumnado, aparece valorada como baixa ou moi baixa, ao tempo que manifesta que é unha ferramenta moi importante para o correcto desenvolvemento da súa materia.



valoración da lectura mecánica



valoración da lectura comprensiva



Pola súa parte o alumnado aparece, moi maioritariamente, como lector obrigado. Na súa maioría len exclusivamente aquilo que teñen que ler por imperativo do profesorado, sexa lectura

informativa ou literaria. A lectura voluntaria aparece en pequenas doses e moi diversificada, sendo a novela a máis común.

Esta situación de confrontación dos nosos intereses como profesionais da educación e o hábito lector do alumnado, no sentido máis amplo da palabra, debería levarnos a considerar algún tipo de estratexia para modificar esta situación. Estratexia que, en calquera caso, deberá ser de longo percorrido, xa que os hábitos adquiridos non se cambian con facilidade.

Importancia da lectura nas materias

2) FINALIDADE DO PROXECTO LECTOR

A nova lei de educación, cando fala das competencias que debe alcanzar o noso alumnado, indica que a lectura é a competencia máis básica, que sustenta a adquisición das demais.

A institución escolar ten a misión de preparar ao individuo para o mundo no que se desenvolverá a súa vida de adulto. Temos a misión de crear cidadáns aptos, capaces de manexarse no tipo de sociedade que lles tocará vivir.

A lectura non é só un pracer estético, nin é esta a súa única función. A lectura, e a escritura (*compañeira inseparable, non escribe quen non le*), é un medio moi necesario para desenvolverse na sociedade, especialmente na sociedade da comunicación. Estamos a falar da lectura crítica de todo aquilo que lle chegue ao alumno por diferentes medios, en todo tipo de soporte, incluída a imaxe. Un lector competente é aquel que ten capacidade para informarse e localizar a información, entender e ser capaz de seleccionar esa información e crear opinión propia. Un lector competente capaz de “aprender a aprender” e, tamén, de apreciar o valor estético-artístico do lido cando nos referimos á textos literarios.

Ademais o noso alumnado ten que ser capaz de moverse no mundo dixital: lese, e sobre todo lerase, en todo tipo de soportes, non só no libro. Quen non saiba usar os recursos dixitais terá unha porcentaxe altísima de fracaso social. Estamos, nestes anos, en pleno tránsito da sociedade da imprenta á sociedade dixital. Nós, os profesores, faremos o tránsito, os nosos alumnos xa naceron na era dixital, aínda que na nosa zona vaian algo máis lentos que noutros lugares. Por iso mesmo, ao tempo que teñen que conseguir as destrezas necesarias para moverse nese mundo, teñen que ser capaces de seleccionar para sobrevivir entre a gran cantidade de ‘ruído electrónico’, e non afogar co exceso de información non dixerible, no que se está dando en chamar a ‘intoxicación’ ou intoxicación por exceso de información. Ou nos defendemos neste marasmo ou acabaremos no “mundo feliz” de Huxley.

O Proxecto Lector de Centro (PLC) ten como obxectivo fundamental mellorar a capacidade lectora, comprensiva, selectiva e crítica dos nosos alumnos, e procura:

- Mellorar o dominio da mecánica da lectura.
- Mellorar a capacidade comprensiva.
- Ampliar o vocabulario en todos os idiomas utilizados no centro.
- Aumentar a capacidade de crear vínculos entre aquilo que le no centro e o mundo real.

- Mellorar a capacidade de acceso á información e a súa selección.
- Desenvolver a capacidade crítica sobre o lido.
- Desenvolver o gusto estético e a capacidade de valoración sobre aquilo que se le.
- Desenvolver a creatividade.

3) CARACTERÍSTICAS E FUNCIONS ACTUAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR (BE)

Desde algunhas áreas, e desde a biblioteca, como centro impulsor do PLC, véñense facendo dende hai xa uns anos, algunhas actividades que pretenden fomentar a lectura, de diversos modos, entre o alumnado. Ademais de participar en campañas puntuais como pode ser a de “Hora de Ler”, realizar “Encontros con autores” ou sesións de “Contacontos”, celébranse, ao longo do curso, e de xeito máis sistemático, outro tipo de accións, como poden ser:

- Certames literarios.
- Exposicións temáticas.
- Concursos culturais.
- A mochila viaxeira.
- Publicacións de boletíns e guías de lectura.
- Clubs de lectura de alumnos e adultos: “Lendo a pares”.

Revisión das actuacións para a organización e dinamización da biblioteca escolar.

Estas actividades mencionadas, xunto con outras que tamén inciden na capacidade lectora do alumnado, como poden ser as actividades de formación de usuarios da biblioteca, requiren dunha organización bastante detallada e precisa, incluíndo moitas veces a creación de materiais. Isto conleva un elevado número de horas de dedicación. E non podemos esquecer que estas actividades súmanse ás que habitualmente cubre unha biblioteca: desde a compra de fondos ata a súa catalogación, ademais de levar o control da contabilidade e todos os apartados burocráticos que conleva a solicitude e tramitación de axudas.

Todo isto implica realizar unha revisión a fondo do papel da biblioteca no centro, das posibilidades que ten de aportar elementos de axuda aos diferentes departamentos e de servir como elemento aglutinante das diferentes materias, facilitando medios para o desenvolvemento das actividades propias de cada materia e especialmente para a realización de proxectos interdisciplinares que engloben máis dunha área de coñecemento. A biblioteca debe cumprir a función de dinamizadora e impulsora da actividade lectora do centro, ao mesmo tempo que toma a función de centro de recursos, aportando os materiais e os medios necesarios para levar a cabo este proxecto. E isto debe facerse sen esquecer que as bibliotecas escolares teñen a función de compensación social para aqueles alumnos que non dispoñen na casa dos medios necesarios para a súa formación.

Non podemos esquecer que a nova lei de educación incide de forma especial na adquisición de Competencias Básicas, onde a lectura como medio de atopar, entender e manexar a información resulta, se cabe, máis imprescindible que nunca, e a biblioteca é o espazo privilexiado onde levar a cabo este tipo de tarefas.

Resulta tamén evidente, neste contexto, que a biblioteca non pode, nin debe, ser responsabilidade dunha única persoa encargada de mantela en funcionamento. Resulta imprescindible a creación dun equipo, o máis estable posible, e preferentemente formado por

profesorado de diferentes materias e con distintas capacidades e habilidades. Todos teñen cabida e todos poden realizar achegas que seguro, seguro, que encontran a forma de ser aproveitadas.

➤ **Espazo e instalacións actuais:**

- Diferenciación de espazos, dentro do posible, dadas as limitacións en m²: xestión e préstamos, lectura, traballo, informática...
- N° de postos suficiente para máis dun aula-grupo.
- Sinalización-guía para axudar a localizar os fondos.
- Instalación de vídeo e son.

➤ **Uso e servizos ofertados actualmente:**

- Servizos xerais de biblioteca: adquisición , catalogación, informatización, lectura en sala, servizo de préstamos, escaneado, edición de vídeo...
- Catálogo en rede.
- Publicación en blogue.
- Guías de presentación da biblioteca.
- Guías de lectura.
- Boletín da Biblio "Vilán".
- Boletín do alumnado "O Rexubeiro".

➤ **Fondo bibliográfico-documental e actividade pedagóxica**

- Fondo: actualmente a biblioteca conta cun número aproximado de 3300 volumes catalogados en diversos soportes.
- Xestión: faise a través do Programa "Meiga" o que permite o acceso desde a rede.
- Adquisición de novos fondos: faise sempre que é posible, a partir das suxestións dos diferentes Departamentos.

No apartado de actividades con incidencia pedagóxica directa podemos citar:

- Formación de usuarios e alumnado bibliotecario e actividades da biblioteca xa mencionadas e coñecidas.
- Traballo en estreita colaboración co EDNL.
- Cooperación cos Departamentos que o soliciten.
- Cooperación co "Proxecto Interdisciplinar".
- Os clubs de lectura para alumnado e adultos: "Lendo a pares".
- Cooperación co grupo de teatro do centro e outras actividades complementarias e extra-escolares.

➤ **Integración da biblioteca no proxecto educativo de centro**

O Plan de actuación da Biblioteca, xunto con este Proxecto Lector de Centro, forma parte do PEC e o seu regulamento está incluído no RRI :

- Formación de usuarios.
- Formación de bibliotecarios.
- Apoio aos currículos das diferentes materias.
- Espazo para a interdisciplinabilidade.

- ALFIN (Alfabetización en Información).
 - Acceso a todo tipo de soportes de lectura, impresos e electrónicos.
- **Adaptación da biblioteca ás necesidades da comunidade educativa.**
- Achega dos materiais e medios necesarios para desenvolver o currículo dos diferentes departamentos.
 - Factor de compensación social para aqueles alumnos con menos medios propios.
 - Espazo de convivencia co resto da comunidade educativa a través das publicacións, do blogue e dos clubs de lectura.
 - Cooperación co Concello e coa Biblioteca Pública Municipal.

4) COORDINACIÓN DO PLAN ANUAL DE LECTURA

➤ **Coordinación do Plan.**

O funcionamento do Plan Anual de Lectura corresponde ao profesorado das diferentes áreas en coordinación co equipo de biblioteca. As propostas dos diferentes Departamentos serán coordinadas por este equipo, que terá a función de proveer aqueles materiais que non sexan de fácil adquisición por parte dos Seminarios. Terá tamén en conta que os materiais a utilizar abarquen a maior variedade posible de temas e formatos, así como evitar a duplicación dos mesmos.

Esta función terase tamén en conta para dotar ao mencionado equipo das horas necesarias para o seu funcionamento, e poder así cubrir o horario establecido de atención á biblioteca como punto xerador e aglutinador das actividades en torno á lectura. Entre as funcións do equipo coordinador podemos sinalar as seguintes:

- **Responsabilidades do coordinador para a dinamización e impulso do proxecto lector.**
- Reunións (alternas) de coordinación cos diferentes equipos de titores.
 - Recoller e relanzar as propostas dos titores e/ou diferentes Departamentos.
 - Informar no Claustro e na CCP das actividades realizadas e dos acordos alcanzados.
 - Elaboración, xunto co profesorado colaborador, do itinerario lector para os catro cursos.
- **Plan de traballo anual**
- Realización das actividades lectoras semanais de cada departamento, a cargo do profesor/a da área. Será preciso establecer uns horarios que axuden a distribuír correctamente os tempos de lectura.
 - Uso da BE como espazo de lectura (segundo horario dispoñible) e habituar ao alumnado a usar o servizo de préstamo.
 - Oferta de posibilidades de todo tipo de lecturas.
 - Graduación das lecturas propostas procurando non provocar o efecto contrario ao desexado con lecturas obrigatorias de nivel máis alto do que poden acadar en cada curso.
 - **Hora de Ler**, no 1º nivel, ampliable a todos os demais, co profesor de aula en cada momento.
 - Actividades de presentación da BE e de Formación de Usuarios de 1º nivel, a cargo do profesorado encargado do Proxecto Interdisciplinar. (1º Trimestre).
 - Actividades de Formación de Usuarios de 2º nivel, a cargo do profesorado voluntario e/ou encargado da BE en colaboración cos titores/as. (2º Trimestre)

- Actividades de promoción: encontros con autores, lectura de narracións curtas nos recreos, representacións de teatro lido, audicións musicais..., coordinadas polo equipo de biblioteca en colaboración cos Departamentos.

5) PLAN DE ACTUACIÓN PROPOSTO

Obxectivos de mellora.

- Aumentar o número de lectores non obrigados en todo tipo de lectura e soporte.
- Crear lectores capaces e críticos, conscientes de que a lectura é unha técnica imprescindible para o seu desenvolvemento na sociedade.
- Coñecer e valorar os logros acadados polo ser humano ao longo da historia.
- Desenvolver os valores de tolerancia e respecto cara a outras culturas e formas de pensamento.
- Conseguir superar o sentimento localista fronte ao mundo exterior.
- Adquirir capacidades de manexo e dominio dos medios dixitais para desenvolverse en igualdade de condicións na sociedade da información.

Contidos e estrutura:

Para lograr estes obxectivos hai que levar a cabo un plan de dinamización lectora que abarque a todo o alumnado ao longo de toda a etapa educativa, dun xeito estruturado e gradual, de 1º a 4º da ESO.

- Seguindo o establecido pola lei, cada materia debe adicar un tempo semanal á lectura, que pode, e debe ser, realizado con materiais afíns, pero afastados dos contidos pre-establecidos no libro de texto.
- Os contidos destas lecturas deben abarcar a maior cantidade posible de temas, abrindo ventás ao mundo, ao coñecemento de outras culturas e formas de vida, a tolerancia e o respecto dun mesmo e do entorno que nos rodea, ao coñecemento da historia e da evolución humana e os seus logros artísticos, culturais e científicos.
- Para o cumprimento deste apartado os diferentes Departamentos presentaron as súas propostas de actuación que se adxuntan como anexos deste informe.

Este material, de diferentes procedencias, deberá estar presentado de diferentes formas, con textos continuos (*recortes de prensa, artigo de revistas...*) e discontinuos (*gráficos, esquemas..*) e en diferentes soportes (*libros, revistas, fotocopias, páxinas web, presentacións...*), coa idea sempre presente de que lectura é todo aquilo susceptible de ser lido, independentemente do formato no que se presente.

Neste esquema de funcionamento a BE realizará os labores mencionados anteriormente referidos á adquisición de materiais e servizo de préstamo, así como a realización de sesións de formación de usuarios e actividades que fomenten a capacidade creativa do alumnado.

Proposta metodolóxica do plan:

- **Hora de ler** para, polo menos, o primeiro nivel. O seu desenvolvemento implica un tempo diario, fixo, adicado á lectura libre. Propoñemos comezar, polo menos, polo primeiro nivel, durante un mínimo de quince minutos logo do recreo. O

profesorado encargado será aquel a quen lle corresponda por horario. A lectura será de libre elección, incluíndo libros e revistas, co único requisito, ineludible, do silencio. Os materiais quedarán preparados na clase anterior ao recreo.

- Tempo de lectura nas diferentes áreas con materiais variados, como se especificou no apartado anterior, seguindo os planos lectores de cada departamento.
- Crear un **Itinerario Lector** 'literario', moi dinámico e variable, con obras asequibles segundo a idade e, a poder ser, con literatura que conteña referencias ás diferentes materias.
- Valorar positivamente, en cada materia, as lecturas realizadas polo alumnado de xeito voluntario, con repercusión nas cualificacións.
- Manter unha especial atención á lectura comprensiva, incidindo nela non só nos tempos de lectura, senón de xeito continuado en todas as actividades docentes.

Implicación da comunidade educativa.

Resulta evidente que para levar adiante un plan destas características é imprescindible a colaboración da totalidade do profesorado do centro. Se non vemos a necesidade de mellorar a capacidade lectora do noso alumnado, dedicándolle un tempo e esforzo específico, un Proxecto Lector, cun Plan Lector anual, non ten sentido.

Tal e como dixemos nos primeiros apartados deste informe a aplicación dun plan destas características require tempo, é unha carreira de fondo a levar a cabo sistematicamente ao longo dos cursos.

Procuraremos, ademais, implicar a todos os membros da comunidade educativa, incluíndo ás familias (coa información pertinente e solicitude de colaboración) e aos servizos do Concello, especialmente á Biblioteca Municipal, que poden colaborar activamente facilitando materiais e recursos para o desenvolvemento do proxecto.

Axudará neste sentido a potenciación dos clubs de lectura que inclúan ás familias dos alumnos e a outros adultos interesados, dentro do ámbito de influencia do centro. Incentivar desde as aulas estas actividades, e outras no mesmo sentido, como as "mochilas viaxeiras", os diferentes

certames literarios e calquera outra que se inclúa con posterioridade, axudará a levar o plan a bo fin.

Recursos económicos e materiais necesarios para desenvolver o plan

O Proxecto Lector de Centro e o Plan Anual de Lectura requiren un orzamento específico da BE, que permita facer fronte ás necesidades formuladas polos Departamentos. Se ten que servir como provedora de materiais e medios que faciliten o desenvolvemento dos diferentes currículos debe ter as posibilidades orzamentarias para levalo a cabo. Ao mesmo tempo, centralizando a información (que non a localización) dos materiais do centro evitarase a duplicidade de fondos e os gastos innecesarios.

Este orzamento complementarase con achegas dos Departamentos que así o acordan cando os presupostos de adquisición de fondos excedan as posibilidades dos orzamentos propios.

6) NECESIDADES, COMPROMISO E FORMACIÓN DO PROFESORADO

As continuas innovacións e avances da sociedade na que vivimos, que moitas veces afectan ao noso traballo diario, provocan unha constante necesidade de refresco e adaptación dos nosos hábitos. Probablemente no ámbito que abarca este proxecto lector, coa BE como punto común das diferentes actividades, necesitemos dunha actualización dos nosos procedementos. É moi importante que a nosa práctica non se estanque nun mundo en continua mobilidade. A formación, a autoformación e o intercambio de experiencias e coñecementos fanse imprescindibles na nosa situación actual. Non podemos sabelo todo nin abarcalo todo. O que xa se probou, a experiencia doutro, debe servirnos a nós na nosa práctica, así como o que probamos e experimentamos cada un de nós debe servir as outros. Non resulta posible sobrevivir no mundo do ensino de hoxe sen este tipo de intercambios.

De xeito formal e/ou informal, a formación nas técnicas necesarias para a aplicación do Proxecto e as súas derivacións deben ser unha constante no profesorado comprometido co mesmo.

7) CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Un Proxecto de calquera tipo que se inicie nun centro de ensino ten que ter necesariamente unha valoración de resultados. Hai que avaliar o propio proceso para ver que cousas cumprimos e cales hai que modificar ou, directamente, descartar. No caso do Proxecto Lector de Centro esta avaliación terá en conta, polo menos, os seguintes aspectos:

- **A mellora na adquisición das competencias básicas relacionadas co hábito lector**
 - Habitación á lectura silenciosa.
 - Habitación á lectura en voz alta coa entoación e ritmo necesarios.
 - Aumento da capacidade de comprensión lectora.
 - Adquisición de vocabulario.
 - Adquisición da capacidade de valoración estética do texto.

- **O emprego de estratexias de información e comunicación:**
 - Habilidades de busca en dicionarios e enciclopedias.
 - Uso de índices e glosarios.
 - Capacidade de recoñecemento da información pertinente segundo o solicitado.
 - interpretación de gráficos e esquemas.
 - Uso de técnicas básicas de estudo: subliñado, resumo, esquemas...
 - Capacidade de transformación da información: integración de diversas fontes.
 - Presentación ordenada de contidos: portada, índice, bibliografía...
 - Manexo de medios electrónicos e audiovisuais de presentación.

- **As actividades de animación á lectura:**
 - Grao de consecución do obxectivo da adquisición do hábito de lectura voluntaria-lectura/ocio.
 - Aumento ou diminución de membros dos clubs de lectura.
 - Aumento ou diminución do número de préstamos bibliotecarios.
 - Aumento ou diminución de participación en certames e actividades de promoción.

- **Plan de uso da biblioteca**

- Valoración da función de dinamizadora e coordinadora do plan lector.
- Valoración da función de formación de usuarios autónomos: capacidade de atopar a información que necesita ou se lle solicita.
- A capacidade de facilitar os recursos necesarios para a realización do Proxecto Lector.

9.-PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.

Índice

1	Estudo Inicial do Centro respecto das Tecnoloxías de Información e Comunicación	2
1.1	Profesorado	2
1.2	Alumnado.	2
1.3	Familias.	3
2	Obxectivos	3
2.1	Obxectivos xerais.	4
2.2	Directrices do noso proxecto.	5
2.3	Metodoloxía.	6
3	Estratexias de coordinación do profesorado	9
4	Utilización e aproveitamento dos recursos existentes	10
5	Organización de espazos	10
6	Tratamento á diversidade	11
7	Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia	11
8	Plan de avaliación anual	12
9	Detección de necesidades formativas do profesorado.	12

O presente proxecto trata de seguir o marco suxerido no Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Como indica o Decreto, este proxecto pasará a formar parte da Programación Xeral Anual, e a súa avaliación incluírase na memoria anual do centro. É polo tanto un documento cambiante porque cada curso a realidade do centro pode variar tanto en recursos humanos como materiais.

Estudo Inicial do Centro respecto das Tecnoloxías de Información e Comunicación

Profesorado

É salientable, no que respecta ao profesorado, a grande inestabilidade do equipo docente, con pouca porcentaxe do mesmo disposta a permanecer por moito tempo no centro, aínda que teña praza definitiva. Tamén cabe destacar que moitos dos profesores viaxan a diario dende o seu lugar de residencia ata o centro.

O comportamento xeral respecto as TIC, poderíamos describilo nos seguintes puntos:

- i. En xeral, o profesorado utiliza o ordenador para elaboracións de documentos: programacións, controis, probas ordinarias e extraordinarias, memorias, plans.
- ii. As comunicacións entre o claustro tamén se fan por correo electrónico: mensaxes titores, enquisas, información das novidades da biblioteca.
- iii. Utilízase o XADE, tanto para a avaliación continua, como para xestión de faltas de asistencia e de puntualidade, e para a avaliación inicial que se fai a mediados de outubro.
- iv. A listaxe de correos electrónicos dos compoñentes do claustro entrégase a todos coa carpeta de información do centro que se reparte ao comezo de curso, para poder ser utilizados libremente por cada un dos mesmos.
- v. A web de inicio en todos os ordenadores do centro de uso común é a oficial do centro: <http://centros.edu.xunta.es/iespedradaaguia>
- vi. Cada profesor ten ao empezar a traballar no centro unha conta coa que poder publicar na páxina web do centro e elaborar cursos ou outro tipo de actividades na aula virtual.
- vii. A Biblioteca do centro ten un blog: <http://pedradaaguia.blogspot.com> moi activo onde case diariamente se anuncian as diferentes actividades culturais que van ter lugar, se colgan fotos e vídeos relacionados con ditas actividades e onde os alumnos participan introducindo comentarios.

Alumnado.

- i. A maioría do alumnado ten ordenador.
- ii. Cada día son máis os que teñen Internet na casa, pero quedan moitos aínda sen conexión xa que os operadores non invisten en infraestruturas para esta zona castigada tanto histórica como economicamente.

- iii. Dende o centro, a biblioteca pon a disposición dos alumnos ordenadores para o seu uso e para impresión de traballos.
- iv. A deficiente rede de transporte público da zona non axuda a que os alumnos poidan acudir á biblioteca municipal na que se ofrece conexión WIFI gratuíta.

Familias.

- i. Este curso será o terceiro no que funciona a ANPA.
- ii. Existe dende hai tempo un club de lectura de adultos organizado pola biblioteca do centro, no que interveñen pais comprometidos coa cultura.
- iii. O curso pasado empezou a funcionar unha actividade chamada “grupo de encontro e debate con pais e nais” na que periodicamente se reúnen para abordar diferentes aspectos que lles interesan guiados por unha profesora. Para o vindeiro curso xa ten solicitado ao Dinamizador das TIC algunhas xornadas de iniciación ao manexo das TIC.
- iv. O nivel das familias é, en xeral, cultural e socialmente baixo.
- v. Debido ao alto nivel de emigración existente na zona, en moitos fogares saben usar a rede como medio de comunicación coa familia no estranxeiro.

Obxectivos

Poderíamos distinguir entre obxectivos a longo e curto prazo, pero nós pensamos que o único obxectivo a longo prazo que hai que acadar é a competencia dixital no alumnado, isto é: *dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorporar diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das mesmas como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.*

Por iso, preferimos distinguir entre os obxectivos xerais, determinados polo decreto e as directrices do noso proxecto.

Obxectivos xerais.

1. Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración de toda a comunidade educativa.
2. Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.

3. Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
4. Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
5. Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
6. Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
7. Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
8. Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
9. Potenciar a comunicación cos seus iguais.
10. Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
11. Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
12. Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
13. Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
14. Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
15. A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das tecnoloxías da información e a comunicación.
16. Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación derivadas das desigualdades sociais.

Estes obxectivos xerais adaptarémolos como se dunha programación de área se tratara, en obxectivos máis concretos e adecuados á realidade educativa do noso IES.

Directrices do noso proxecto.

As nosas directrices xerais de traballo serán:

1. Utilizar Software libre e en galego, sempre que sexa posible.
2. Concienciar da necesidade de máximo respecto pola conservación dos equipos.
3. Crear canles de comunicación áxiles que faciliten detectar e solventar calquera anomalía nos mesmos.
4. Aprender a gardar o traballo e a información de xeito ordenado e a respectar toda a información que poidan ter gardada os compañeiros.
5. Posibilitar o acceso do alumnado o maior tempo posible aos recursos TIC do centro.
6. Posibilitar tamén aos pais e nais dito acceso.
7. Potenciar o uso da web do centro como forma de comunicación co mesmo.
8. Potenciar entre o profesorado a creación de actividades en Moodle.
9. Animar aos profesores de linguas estranxeiras a utilizar os recursos TIC na aprendizaxe do idioma.
10. Estar en disposición de axudar aos compañeiros que o precisen no uso de calquera recurso (software ou hardware) e de non estar na nosa man, buscar a axuda necesaria.
11. Fomentar condutas ecolóxicas no uso das impresoras, fotocopiadoras e demais.

Metodoloxía.

A metodoloxía que imos utilizar baséase en dous piares fundamentais:

- O proxecto TIC é un proxecto de centro, e como tal está dirixido a toda a comunidade educativa.
- O obxectivo último do proxecto é que o alumnado acade unha competencia básica: a competencia dixital (anteriormente definida), que é básica porque ten que estar ao alcance de todos, é común a moitos ámbitos da vida, e é útil para seguir aprendendo.

Ámbolos dous piares poderíamos resumilos en un: É un proxecto feito para todos, no que todos temos que colaborar.

O centro contará cun **coordinador TIC**, membro do claustro, que será o encargado de presentar o plan cada curso ante o claustro de profesores, onde se aprobará, unha vez discutidas as posibles emendas. Tamén atenderá as incidencias semanalmente, para solventalas ou chamar á empresa de mantemento eléctrico ou informático, segundo sexa o caso. Para outro tipo de demandas, relacionadas coa web do centro, Moodle ou rede wifi, terá que poñerse en contacto co asesor SIEGA, vía telefónica ou mail. Dito coordinador terá durante este curso 2 horas semanais de redución.

Sempre que un proxecto vai dirixido á totalidade da comunidade educativa, o grao de coordinación ten que ser máximo. Hai que poñer unhas **canles de comunicación** axeitadas. (Estas canles co profesorado veñen descritas amplamente no punto 3: Estratexias de coordinación entre o profesorado).

É moi importante tamén ter unha **comunicación fluída e positiva co equipo directivo**, pois moitas das decisións terán que contar co seu visto e prace.

Por último, o noso método inclúe ter ao profesorado **informado continuamente, e formado o máis posible**, das novidades en materia TIC que cheguen, pois é o mellor método para que eles mesmos proben e, se cadra, se entusiasmen co seu uso. Para a formación, o coordinador procurará asistir aos cursos organizados polo CFR nesta materia e informará ao claustro da celebración dos mesmos por se lle interesa a alguén asistir e é posible. Posteriormente, anunciarase unha semana de posta en común de coñecementos, na que combinando horarios, e en grupos reducidos de entre tres e seis compañeiros trataremos de compartir os coñecementos adquiridos.

Utilización e aproveitamento dos recursos existentes

Outra das máximas do noso proxecto queremos que sexa o óptimo aproveitamento dos recursos do centro. Neste sentido, xa en cursos anteriores apelamos á concienciación do profesorado para trocar os ordenadores dos departamentos que non o utilicen moito por outros máis antigos que aínda se usan na aula de informática, ou por cambialos de lugar cara á sala de profesores, xa que aquelas estancias tenden a estar moito máis desocupadas. Seguiremos traballando nesta materia.

Para unha óptima utilización dos recursos é fundamental saber os recursos dos que dispoñemos. É necesario facer un inventario completo de todos eles con números de

identificacións, IPs, etc. A UAC, pon a disposición dos centros un modelo de inventario TIC, que procuraremos seguir. Actualmente está pendente de facer.

Organización de espazos

Actualmente, dependen da coordinación TIC, as aulas de Informática, e a de audiovisuais. A de usos múltiples e a biblioteca, lévaas o equipo da biblioteca, aínda que están, como as anteriores, a disposición de toda a comunidade. O modo en que dispoñemos delas quedou xa explicado en apartados anteriores. Engadir que na aula de audiovisuais ten preferencia o uso do encerado dixital fronte ao vídeo e DVD, por dispoñer de armarios portátiles para eles que se poden levar ás aulas nas que se precisen.

Queda por solventar o problema coa wifi, pois non en todas as instancias do centro temos cobertura asegurada, o que fai que espazos como a aula taller de tecnoloxía, dotadas cun portátil e un canón non poidan se utilizadas para clases que precisen conexión a Internet.

Tratamento á diversidade

Durante o curso 10/11 está previsto que no centro estean matriculados alumnos que necesitan atención especial e saen semanalmente da aula. Na aula de apoio hai un ordenador con conexión a Internet, pero descoñecemos se utilizarán webs ou programas específicos para as dificultades destes alumnos.

Existen tamén dous grupos de diversificación curricular, un en terceiro e outro en cuarto de 8 e 6 alumnos respectivamente.

Tradicionalmente, dada a escasa motivación destes alumnos e o tempo que teñen seguido cos mesmos profesores, utilizan moito a aula de Informática, onde buscan información para realizar traballos, webquest dos temas que están a tratar, test relacionados cas aprendizaxes...

Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia

Este apartado é de vital importancia, xa que ata agora foi o único medio sistemático para ser utilizado.

Ao empezar o curso, o compañeiro encargado da biblioteca, reparte un folleto informativo a todo o profesorado e aos alumnos de primeiro, no que informa do seu horario e funcionamento. Todo isto pódese consultar no proxecto lector do centro, e aquí destacamos o que ten que ver con TIC:

- Servizos: Conexión a Internet en recreos.

- Recursos: Catálogo en rede, enciclopedias en CD e DVD e enciclopedias on line.
- Publicacións propias: Blogues da Biblioteca: <http://pedradaaguaia.blogspot.com>, <http://clublecturaarao.blogspot.com>, <http://pedrasdovilan.blogspot.com>.
- Actividades: Formación de uso do catálogo, formación en busca e tratamento de información, cine para falar.

Plan de avaliación anual

Segundo o decreto 133/2007, en cuxo marco nos movemos é importante facer unha avaliación trimestral. As variables que consideraremos son:

Grao de consecución de obxectivos.

Grao de satisfacción da comunidade educativa.

Frecuencia de uso dos medios.

Grao de acercamento á competencia dixital do alumnado.

Mellora de competencia TIC para docentes segundo os estándares UNESCO¹

Detección de necesidades formativas do profesorado

As demandas dos compañeiros varían e poderíamos agrupalas en: informática básica, presentación de audiovisuais: proxectores, encerado dixital e equipo de son, recursos educativos en Internet e contribucións á web.

Como xa quedou comentado na metodoloxía, levamos dous cursos facendo semanas de posta en común de coñecementos, que previamente adquiren os profesores que traballan no proxecto TIC e logo, en horas que veñan ben a todos, transmitímolos aos demais en grupos pequenos.

Cando a demanda dun tema determinado sexa común a varios compañeiros trataremos de conseguir formación utilizando as distintas modalidades oficiais para estas actividades (proxectos de formación, grupos de traballo ou seminarios permanentes), como xa fixemos o curso pasado co grupo de traballo: **Drupal, Moodle e outras ferramentas necesarias para traballar na web do centro.**

De todas formas, para ter unha idea do punto de partida de cada curso e poder levar a cabo a avaliación posterior, invitaremos ao claustro a que lean o ANEXO 9 deste documento e se sitúen nun dos tres niveis establecidos pola UNESCO. Ao final, volveremos a pedirlo e comprobaremos se hai avances ou non.

11.- A ATENCIÓN EDUCATIVA DO ALUMNADO QUE NON OPTE POLAS ENSINANZAS DE RELIXIÓN

As medidas organizativas dispostas polo Centro para a devandita atención en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ó coñecemento do feito relixioso. As propostas presentadas e consensuadas na CCP e no Claustro contemplan a posibilidade de aplicación ou realización de actividades ou traballos con enfoques varios:

- . Técnicas de estudo, lectura e redacción de textos/Conexión co Plan lector (lectura comprensiva de textos diversos, con realización de esquemas, resumos, subliñados, palabras ou ideas claves, etc.
- . Actividades de apoio á/da biblioteca
- . Coleccións ou exposicións
- . Guías da localidade ou bisbarra (elaboración de folletos informativos sobre os recursos da zona, o seu patrimonio artístico-cultural, institucións, asociacións, festas populares, tradicións, artesanía, etc.
- . Educación vial.
- . Historia do cine (Análise dos principais problemas sociais e cidadáns a través do cine)
- . Periódico mural, revista, blogue.
- . Talleres de prensa, de fotografía, encadernación, reparación de libros deteriorados, de decoración de espazos...
- . Outras, doutro tipo, dependendo ou en función do profesorado responsable

12.- LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL.

1.- OBXECTIVOS

2.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.

2.1.LIÑAS XERAIS E ACCIÓNS PRIORITARIAS

3- ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

3.1.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

B.- OBXECTIVOS

C.- ACCIÓNS PRIORITARIAS

D.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

E.-PROGRAMA DE REFORZO,ORIENTACIÓN E APOIO (PROA)

Subprogramas

-ALUMNADO DO PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL

.- ALUMNADO DO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN

3.2- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

3.2.1 .- OBXECTIVOS

3.2.2 ACCIÓNS PRIORITARIAS

3.2.3.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

3.2.4.- ACTIVIDADES

Subprogramas:

-PROGRAMA DE HÁBITOS E TÉCNICAS DE ESTUDO

-PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

3.3.- ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

3.3.1.- OBXECTIVOS

3.3.2.- ACCIÓNS PRIORITARIAS

3.3.2.1.- ACCIÓNS ESPECÍFICAS

-Programa de Orientación académica e Profesional 4º ESO

3.4.- PARTICIPACIÓN NA AVALIACIÓN

3.5.- COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

3.6.- CENTROS ADSCRITOS: COLABORACIÓN E INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN

1.- OBXECTIVOS

Contribuír a mellora-la calidade do ensino público da zona.

Servir como estrutura de conexión e intercambio entre tódolos centros públicos na zona.

Contribuír a unha boa comunicación entre tódolos membros da Comunidade Educativa e tamén entre o colexio, a sociedade e as institucións.

Contribuír a que o proceso de ensino e aprendizaxe non faga referencia exclusiva a contidos científicos-culturais, senón que atenda o desenvolvemento global do alumnado.

Apoiar e asesorar a profesores/as, mestres/as, direccións, tutores/as e nais/pais no proceso educativo e na atención individualizada ou grupal, así como a diversidade.

Avaliar, e no seu caso, atender ó alumnado con NEE.

Elabora-los programas de orientación académica e profesional e do PAT apoiando a tutores e profesores para a súa realización.

Deseñar e desenvolver no centro unha actividade preventiva das necesidades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe. Axudar a tutores/as, profesores/as e mestres/as neste eido.

Axudar a profesores/as, mestres/as e alumnado a traballar nos temas transversais en colaboración coa Asociación Abondou no programa “Dorna” embárcate na saúde.

Contribuír a mellora-lo clima social do centro facendo fincapé en actividades de habilidades sociais e resolución de conflitos

Apoiar ó profesorado, tutores/as e alumnado para a mellora das avaliacións aportando criterios, asesoramento e materiais.

Seguir mellorando a coordinación entre o profesorado de apoio e o profesorado de área correspondente do alumnado que acude a reforzo educativo ou ten ACS.

Contribuír á forma permanente do profesorado e a súa innovación en materia educativa.

Apoiar e asesorar á avaliación de centros.

2.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

2.1. LIÑAS XERAIS E ACCIÓNS PRIORITARIAS

De acordo a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 e a Circular nº 5/1999 , Circular nº 10/2000, Circular 13/2001,

Circular 18/2002, a Circular 17/2003 ,a Circular 23/2004, a Circular 20/2005, a Circular 17/2006, a Circular 18/2007 e a ,C10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación Educativa e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións a establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia priorizarán accións que se enmarquen dentro das liñas que serán, unha vez adaptadas aos seus respectivos ámbitos de actuación, o referente para o deseño dos seus respectivos plans anuais:

1. Actuacións referidas á actualización e elaboración dos distintos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro, que seguen a elaborarse no presente curso atendendo á presente **C18/07** que se completarán coa implantación total da etapa correspondente, conforme se vaia concretando nas ordes que desenvolvan os diferentes decretos de currículo:
 - a. Asesoramento e colaboración, no ámbito das súas competencias, na elaboración do proxecto educativo.

2. Con respecto ao resto das actuacións propias da orientación educativa, contempladas na Orde do 24 de xullo de 1998, seguen vixentes as instrucións da **Circular 17/2006**, do seguinte xeito:
 - a. Actuacións en relación á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural: colaboración na diagnose inicial do estado da convivencia no centro, no posterior deseño do plan de mellora e no desenvolvemento das accións oportunas. Destacar neste apartado o Observatorio da Convivencia e a figura da dinamizadora da Convivencia.
 - b. Actuacións que teñan como eixe nuclear o plan de acción tutorial asesoramento, colaboración e incorporación de contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres.
 - c. Actuacións que teñan como obxecto a atención a toda a diversidade presente nos centros educativos:
 - Identificación temperá de necesidades.
 - Revisión e/ou modificación das medidas de apoio e/ou reforzo que estea a recibir o alumnado para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
 - Establecemento de canles de coordinación entre orientadoras e orientadores dos centros de primaria e secundaria dunha mesma zona, de modo que se facilite o tránsito do alumnado entre etapas educativas.
 - d. Proposta de actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos.

 - e. Actuacións concretas referentes á orientación vocacional e profesional:
 - Actuacións relacionadas co fomento da cultura emprendedora e o autoemprego: a través de accións transversais nos diferentes módulos e a participación en campañas, concursos, proxectos empresariais e talleres de formación para o fomento do autoemprego.
 - Actuacións en relación á etapa de transición da formación ao mundo laboral ou viceversa: atención preferente ao alumnado nestas circunstancias, así como persoas adultas que volven ao sistema educativo, e colaboración no seguimento da inserción laboral do alumnado que finaliza ensinanzas de formación profesional inicial.

- f. Proposta de medidas encamiñadas a diminuír o absentismo escolar e o abandono temperán dos estudos.
- g. Actuacións relacionadas co asesoramento ás persoas adultas sobre as diferentes oportunidades de aprendizaxe, incidindo principalmente nos seguintes colectivos:
 - Menores de idade que non conseguiron a titulación básica e seguen ensinanzas para a obtención do graduado en educación secundaria obrigatoria.
 - Mocidade menor de idade que segue programas de cualificación profesional e que busca a inserción no mundo laboral.
 - Mocidade maior de idade e persoas adultas, sen o título básico, e que teñen como obxectivo a obtención do título do graduado en educación secundaria obrigatoria para mellorar a súa empregabilidade.
 - Persoas inmigrantes que demandan a aprendizaxe das linguas galega e castelá como medio de integración social e laboral.
 - Persoas adultas que desexan recoñecer as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou doutras vías formais e non formais de aprendizaxe.
- h. Asesoramento xeral de saídas profesionais e elección vocacional

3. Segundo a **Circular 8/2009** pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado da ESO, correspóndelle a xefatura do departamento elaborar un programa básico de habilidades sociais, que contemple, ademais de actuacións para o desenvolvemento cognitivo, para o autoconñecemento e a mellora da autoestima . Dito programa se incorporará ao PAT e se traballara de forma preventiva con todo o alumnado. Ademais, nos casos de alumnado que sexa remitido reiteradamente á aula de atención educativa e convivencia, elaborárase un programa personalizado para o desenvolvemento de habilidades sociais.

4. Segundo a **Circular nº 10/2010** pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación educativa e Profesional na C.A.G explicitase :

- Na resolución do Consello Europeo 04 sobre prácticas en materia de Orientación reiterease como prioritario o **“desenvolvemento duns servizos de Orientación para todas as persoas europeas, accesibles en todas as etapas das súas vidas, que as capaciten para xestionar as súas traxectorias de aprendizaxe e de traballo e a transición entre una fase e outra”**.
- **Obxectivos estratéxicos definidos en consellos europeos:** preocupación para que as persoas acaden una titulación básica, incrementar as taxas de persoas que participan da formación permanente, por aumentar o uso das TICs, potenciación do dominio dos idiomas e, en definitiva, por lograr **persoas competentes**. Este concepto de **Competencia** que a **LOE** contempla no seu **preámbulo** inclúe o concepto de **Currículo** o que significa priorizar o campo da aprendizaxe fronte ao da enseñanza, cunha **“aprendizaxe máis atractiva e promotora da cidadanía activa, da igualdade de oportunidades e da cohesión social”**.
- **En conclusión**, coa Orientación integrada na totalidade do S.Educativo, cunha rede Orientadora interna que abrangue a todos os Centros Públicos, coa configuración dos Centros educativos como Centros de integración e inclusión, cunha rede de Orientación externa de ámbito provincial ,co empeño permanente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na promoción de medidas que faciliten o éxito escolar de todas e todos e dentro do marco do D120/98, do 23 de abril, polo que se regula a Orientación educativa e Profesional na C.A.G , e da Orde do 24 de xullo de 1998, que o

desenvolve ,cómpre dar un paso máis na procura dunha acción orientadora máis coordinada e acomodada aos tempos, na liña que contemplan o artigo 12º e a disposición derradeira primeira da citada Orde do 24 de xullo.

- **Ámbito de aplicación da Circular 10/2010** : todos os Dptos de Orientación dos Centros Públicos de ensino non universitario así como aos equipos de orientación específicos.
- **Mención especial ao funcionamento da Orientación compartida** :os Xefes/as dos Dptos de Orientación que teñen Orientación compartida realizarán o seu traballo nos distintos Centros,cun reparto semanal do seu horario proporcional ao nº de unidades de cada Centro. Aos efectos de participación nas reunión de Claustro e, de ser o caso, do Consello escolar, destes Profesionais só participarán no Claustro e/ ou no Consello Escolar do Centro base (o que figura catalogado como OC). Os equipos Directivos que comparten a Xefatura do Dpto Orientación deberán coordinarse, tanto para evitar a simultaneidade de reunión canto para facilitar a presenza dos Xefes/as dos Dptos Orientación en cada un dos Centros. Igualmente, poñerán a disposición da Xefatura do Dpto Orientación os recursos necesarios para o desenvolvemento das función orientadoras.

- **Actuacións prioritarias para a totalidade dos Dptos de Orientación:**

- 1. Relacionadas coa inclusión e a diversidade:**

- Asesorar ao Equipo Directivo sobre o contido do PEC e os documentos que o integran, especialmente sobre as MAD e a acción Titorial.

- Elaborar e poñer en práctica programas preventivos e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.

- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno/a, con Intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do Alumnado.

- Asesorar aos Dptos, Equipos de ciclo e Profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares,das Programacións de curso e/ou de ciclo, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.

- Facilitar asesoramento a toda a Comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención ao alumnado con NEAE.

- 2. Relacionadas coa acción Titorial:**

- Colaborar co Profesorado Titor no desenvolvemento das medidas contempladas no PAT, asesorando á totalidade da C.Educativa sobre o S.Educativo, os procesos de admisión, as acción de acollida, os cambios de Centro e a participación na organización e no goberno dos Centros.

-Colaborar cos diferentes Equipos Docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

3. Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:

-Deseñar e poñer en práctica Programas destinados á promoción da Convivencia e á resolución pacífica de conflito, asesorando no Plan de Convivencia do Centro.

-Asesorar á C.Educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

4. Relacionadas co Plan Orientación,co Plan Anual e coa Memoria do curso:

-Manter actualizado o PO, concretado no Plan anual do Dpto as actuacións previstas para o curso,os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.

-Realizar a Memoria final do curso en base ao desenvolvemento do Plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte .

5. Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:

-Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do Centro, nos termos que se establezan.

-Asesorar á totalidade da C.Educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do S.Educativo.

6. Relacionadas co drdororienta:

-Facilitar, en forma e en prazo,a información que se demanda na aplicación Informática drdororienta.

• **Actuacións para os Dptos de Orientación dos Centros Públicos Integrados, de E.S .Obrigatoria e Postobrigatoria e dos Centros de Educación e Promoción de Adultos:**

Ademais das actuacións citadas no epígrafe a) da instrución cuarta, os Dptos dos Centros citados deberán prestar especial atención ás seguintes actuacións:

1- Relacionadas coa aprendizaxe permanente e as saídas profesionais:

-Orientar ás persoas demandantes de información sobre o procedemento do recoñecemento,avaliación e acreditación de competencias;definindo, de ser o caso, o seu itinerario formativo.

-Participar e colaborar na difusión e apoio de acción de fomento da cultura emprendedora no alumnado do Centro,así como favorecerle o

coñecemento e utilización das ferramentas disponibles en materia de emprendemento.

-Prestar especial atención aos momentos de transición académica ou ao mundo laboral, guiando e asesorando ao alumnado nos distintos itinerarios formativos, nas validacións, na elección de materias, nas competencias para a empregabilidade e nas técnicas do contorno produtivo.

-Asesorar sobre a importancia da formación ao longo da vida para a mellora profesional ou para a incorporación ao mercado laboral,prestando especial atención ás persoas adultas.

-Orientar e asesorar para a consecución das competencias profesionais de nivel 1 conducentes a un Certificado de Profesionalidade do alumnado dos PCPI , de cara a una integración sociolaboral satisfactoria.

-Promover medidas tendentes á diminución do absentismo escolar e do abandono temperán dos estudos.

2- Relacionadas coa coordinación dos Dptos Orientación:

-Establecer mecanismos sistemáticos de coordinación entre as Xefaturas dos Dptos Orientación dos Centros de Educación Infantil e/ou Primaria e os de Secundaria aos que están adscritos

-Promover a coordinación entre as Xefaturas dos Dptos Orientación e o Profesorado responsable da formación e a Orientación Laboral, así como entre os servizos de Orientación dunha mesma zoa ,para favorecer o desenvolvemento e a integración laboral do alumnado.

3- Relacionadas coa atención á diversidade e coa C08/09:

-Asesorar ao conxunto da C.Educativa sobre os PDC e sobre os de PCPI

-Asesorar ao conxunto da C.Educativa da ESO sobre os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, sobre os programas de recuperación, sobre os programas específicos personalizados, sobre as aulas de atención educativa e convivencia e sobre os programas de habilidades sociais.

***Actuacións para os Equipos de Orientación Específicos :**

-Deseñar e promover programas preventivos de axuste para a intervención

educativa á diversidade do alumnado.

- Manter unha adecuada coordinación entreas diferentes especialidades de cada provincia.
- Facilitar asesoramento aos Dptos Orientación no ámbito das función de cada especialidade.
- Colaborar cos Dptos Orientación nas propostas de ditames de escolarización e nas de flexibilización da escolaridade.
- Facilitar, en forma e en prazo, a información que se demanda na aplicación Informática Orienta.

3.- ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

Para conseguir os obxectivos estas actuacións deben estar planificadas e concretadas en programas, e realizaranse a partir de catro vías de actuación diferenciadas, pero ao mesmo tempo moi relacionadas entre si: a atención á diversidade, a potenciación da acción tutorial (onde se concretarán o **Programa de Técnicas de Traballo Intelectual e Programa de habilidades sociais**) a orientación académica e profesional e o apoio ao ámbito de mellora da calidade educativa. En cada un destes ámbitos, e seguindo un modelo de programas, marcaranse, en función das necesidades observadas, uns obxectivos específicos, actividades, recursos, temporalización e avaliación, tendo en conta que os catro perseguen un mesmo obxectivo

3.1. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- A exención da 2ª lingua estranxeira para o alumnado de 1º ESO que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe no proceso de aprendizaxe, en particular, na área de lingua.(15 alumnos/as) e en 2º ESO exención de Lingua estranxeira (19 alumnos/as).

- Permanencia dun ano máis nun curso ou ciclo.
- Tutorías.
- Programa de Diversificación Curricular de duración de dous anos.1 grupo de diversificación de 3º PDC con 8 alumnos/as e 1 grupo de diversificación curricular de 4º PDC con 6 alumnos/as
- Programa de Cualificación Profesional Inicial (PCPI) na modalidade C Mixta (10 alumnos/as).
- Adaptacións Curriculares (1 alumno/a en 1º ESO e 3 alumnos/as en 2ºESO)
- 2 Reforzos conductuais (1 en 1º ESO e outro en 2º ESO)

- Reforzos Educativos (7 alumnos/as en 1ºESO e 10 alumnos/as en 2º ESO)
- Tamén contamos cun Programa de Reforzo, Orientación e Apoio (**PROA**) que se desenvolvera os Luns e Mércores de 16:30 a 18:30 atendendo a un total de 21 rapaces e rapazas. Dividido en 2 grupos. En 1º ESO participan 11 alumnos/as e en 2º ESO 10 alumnos/as .Este grupo estará coordinado e impartido por dúas Profesoras do Centro, unha imparte o ámbito Científico e a outra imparte o ámbito lingüístico.

B.- OBXECTIVOS:

- Axusta-la resposta educativa ás necesidades educativas do alumnado.
- Participar na avaliación psicopedagóxica, se é o caso, do alumnado que a precise, nos prazos de tempo que permitan ofrecerlle a resposta educativa máis axeitada.
- Asesoramento sobre reforzos educativos, adaptacións curriculares significativas,agrupamentos específicos e diversificación, se é o caso.
- Asesorar e axudar ao Profesorado en procesos de atención á diversidade
- Facilitar ó Profesorado técnicas diversas que contribúen a mellorar o proceso de E/A e liñas de actuación.
- Desenrolo das medidas preventivas(avaliación inicial e orientación académica e profesional) , máis extraordinarias (avaliación psicopedagóxica e adaptación de maneira máis significativa) e medidas de atención á diversidade previstas pola normativa vixente reguladas na C.A.G. na C08/09.

C.- ACCIÓNS PRIORITARIAS

- Prevención das dificultades de aprendizaxe:

Medidas de atención a diversidade

- Detección das dificultades de aprendizaxe:

Avaliación inicial para coñecer-la competencia curricular do alumnado. Sesións para intervir nas dificultades de aprendizaxe.

- Tratamento das dificultades de aprendizaxe:

Sesións para determinar intervencións co alumnado con dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe: actividades de reforzo, adaptacións curriculares significativas, etc.

- Reunións cos Dptos Didácticos para asesorar na elaboración de Programacións Didácticas.
- Coordinación coa Xefatura Estudos para criterios organizativos que favorezan aplicación de MAD implementadas
- Asesorar á CCP nos aspectos psicopedagóxicos respecto ao PAD do Centro .
- Colaborar cos Titores/as e Equipos Educativos na implementación da aula de Convivencia en canto á dispoñibilidade horaria do Profesorado, organización e actuacións prioritarias de

dito Profesorado non só nas MAD senón de atención á diversidade (C08/09) así como nos procesos de avaliación e seguimento do alumnado facilitando instrumentos e materiais.

- Asesorar ós Titores/Profesores nos procesos de E/A consensuando estratexias para aprendizaxe cooperativo.

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e detección do alumnado con dificultades educativas ou de risco e propoñer resposta máis adoitada en coordinación co Mestre/a apoio e Titor/ora con seguimento a través de reunións periódicas.

- Colaborar e participar no deseño, desenvolvemento, seguimento e avaliación nas MAD implantadas no Centro e necesidade de desenrolalas a través de reunións periódicas.

- Deseño e organización directa e individual ó alumnado con dificultades e NEAE que o requiran.

D.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

- Reunións co profesorado que tendan a optimización do ensino-aprendizaxe.

- Participar nas avaliacións psicopedagóxicas para proposta de solucións educativas adaptadas ás necesidades e características do alumnado: organización dos apoios, distintas formas de organización escolar (grupos de alumnado flexible), orientación familiar.

- Elaboración dalgunhas estratexias para atender á diversidade de acordo coas diversas capacidades do alumnado, intereses e motivacións.

- Participar na avaliación inicial do alumnado.

.Subprogramas

- ALUMNADO DO PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL

OBXECTIVOS:

- Constata-la propia evolución ó longo do programa, valorando o esforzo persoal como unha tarefa para supera-las dificultades.

- Identifica-las súas propias capacidades e aptitudes e confrontalas coas súas expectativas e preferencias, valorando a autoestima como un requisito básico para deseñar un proxecto persoal e profesional.

- Actuar con autonomía e iniciativa, responsabilizándose das súas actuacións.

- Desenvolverse social e laboralmente con tolerancia e con autocontrol, cooperando na resolución dos problemas e nos proxectos comúns.

- Ser consciente da importancia da formación para o acceso ó traballo e para o desenvolvemento dunha profesión.

Para a consecución dos obxectivos anteriores pódense realizar unha serie de actividades que se mencionan a continuación:

-Preparación de entrevistas individuais co titor ou titora de acollida e seguimento personalizado do proceso de formación ó longo do programa.

- Realización de exposición orais planificadas e de debates sobre algún tema de interese para o alumnado.

- Realización de programas de autoconñecemento que permitan a análise e reflexión sobre as propias capacidades e perspectivas.

- Busca de información sobre o mercado de traballo e estudio da súa adaptación ó propio perfil persoal e profesional.

- Realización de técnicas de prevención do estrés diante de situacións de entrevista, exames, etc.

- Desenvolvemento dos traballos propostos por grupos, asumindo as responsabilidades asignadas.

- Simulación de situacións reais(entrevista laboral, situacións de conflito, etc.) nas que se deban utiliza-los coñecementos adquiridos nas outras áreas ou módulos do programa.

- Preparación de visitas a empresas e realización de fichas de observación adaptadas ó obxectivo da visita.

.- ALUMNADO DO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN

Aparte das actividades e obxectivos establecidos no plan de acción tutorial para todo o centro, para este alumnado farase especial incidencia nos aspectos que seguen:

- Estímulo da integración no centro e da participación nas estruturas de grupo.
- Na motivación e no desenvolvemento persoal, especialmente na construción apropiada do autoconceito.
- No seguimento das adaptacións do currículo e reforzo educativo que se propoñían.
- Na orientación vocacional e profesional.

3.2.- PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

No presente curso trátase se seguir completando o traballo realizado por un grupo de profesores nun curso de formación para a elaboración dun plan de acción tutorial dirixido a toda educación obrigatoria abarcando dende a Educación Infantil ata a Educación Secundaria pasando pola Educación Primaria.

Ademais resaltar como novidade do curso 2004/05 o acordo establecido no Claustro: as xuntanzas colectivas de pais consideráronse aconsellables sobre todo ó principio de curso para informar ós pais de forma grupal, aínda que despois seguiranse convocando ós pais individualmente. Tamén manifestar a insistencia e interese dos titores/as pola creación da

Escola de Pais para o cal seguiremos tendo grupos de encontro cos pais e nais(ó igual co curso pasado) coa colaboración do grupo de educadores sociais.

Neste curso 2010/11 ter en conta o alumnado que cursará un programa de cualificación profesional inicial e dous programas de diversificación curricular(un de 3º ESO con 8 alumnos/as e un de 4º ESO con 6 alumnos/as) polas características que o alumnado presenta, desta forma dentro do plan de acción tutorial, aparte das liñas xerais para todo o alumnado, suliñaremos unhas liñas específicas para este alumnado que reciba as medidas de atención á diversidade destacadas anteriormente.

O plan de acción tutorial é un marco no que se especifican os criterios e procedementos para o funcionamento e organización das titorías. Nel desenvólvense as actuacións tanto individualmente como grupalmente con:

Alumnado

As familias

Os profesores

3.2.1. OBXECTIVOS

A normativa educativa vixente, **atribúe ó Profesor –Titor unha serie de responsabilidades e función respecto ós Titores/as**. Todas elas serán obxecto do PATa de deseñar e coordinar dende o Dpto do Centro. As poderíamos agrupar segundo a súa diversidade nunha serie de ámbitos :

- Axudar ó alumnado no seu desenvolvemento integral.
- Facilita-lo desenrolo psicosocial do alumnado.
- Optimiza-los procesos de ensino-aprendizaxe.
- Coordina-las accións do equipo docente.
- Orientar ás familias en relación as súas necesidades.
- Contextualización e seguimento dos procesos de E/A do grupo e do alumnado con NEAE
- Seguimento do desenrolo persoal e social do alumnado, madurez emocional e Toma de decisións.
- Relacións colaboración coa familia e entorno .

Así, dende o Dpto se buscará colaborar cos Titores/as respecto a:

- 1- Facilitar a integración e participación do alumnado de dinámica do Centro.
- 2- Seguimento, persoalización e contextualización dos procesos de E/A do grupo .
- 3- Detección, prevención e atención ás dificultades da aprendizaxe e necesidades educativas que presenten os alumnos/as mediante resposta e axustada.

- 4- Elaboración e desenvolvemento das ACS e intervencións específicas co alumnado do grupo de alumnado que presente NEAE.
- 5- Coordinación do proceso de avaliación do alumnado, intercambiando e recollendo información do Equipo Docente e decidindo sobre promoción ou non do Centro.
- 6- Coordinación co Equipo Docente do grupo para garantir coherencia da Programación e a práctica docente (dende o marco referencial do PEC e PA) buscando liñas de actuación común.
- 7- Atención á madurez vocacional e profesional do alumnado. Toma de decisións e a consolidación do seu proxecto de vida.
- 8- Potenciar e promover ás relacións de cooperación, participación e colaboración entre familia, entorno e Centro educativo na marcha do proceso educativo do alumnado.

3.2.2.- ACCIÓNS PRIORITARIAS

- Establece-los criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías.
- Concreta-las liñas de actuación que os tutores desenvolverán co alumnado de cada grupo, co equipo directivo e coas familias.
- Posibilita-la coordinación entre os tutores do mesmo curso e ciclo.
- Proporcionar ós tutores e profesorado as técnicas e estratexias para facilitar-la realización de actividades e relación cos alumnos/as, coordinación e intervencións cos pais/nais.

3.2.3.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

- Actividades encamiñadas a favorecer-lo proceso de adaptación do alumnado ó centro: coñecemento da estrutura do instituto, Regulamento de Réxime Interno.
- Cuestionario inicial: coñecemento do alumno/a por parte do titor/a.
- Cuestionario inicial para detectar-lo nivel de planificación e uso de estratexias de aprendizaxe.
- Aplicación de técnicas de traballo e estudo; o ensino e a aprendizaxe dalgúns procedementos básicos.

3.2.4.- ACTIVIDADES

A.- ALUMNADO

- Apoio no proceso de ensino-aprendizaxe:
Como estudar mellor, a memoria, a organización, as materias, comprensión, expresión, escritura, lectura, cálculo, resolución de problemas, etc.

Facer fincapé na diversidade e individualización no punto anterior, prevención temperá dos problemas de aprendizaxe.

Elaboración dos criterios de seguimento, de promoción e avaliación.

Os reforzos, propostas de adaptación curricular e programas de diversificación curricular.

- Apoio na toma de decisións académico-profesional:

Dar información sobre os itinerarios formativos, optativas, bacharelatos, ciclos formativos.

Que o alumnado conexas as súas posibilidades e limitacións.

Que o alumnado aprenda a elixir, tomar decisións.

- Desenvolvemento persoal e orientación para a vida: os coñecidos temas transversais: saúde, educación vial, sexual, o compañeirismo e amistades, a solidariedade, a educación cívica e política, a defensa dos propios dereitos, o consumo.

Facer moito fincapé no comportamento e nas actitudes de desenvolvemento de intereses e de respecto ós demais no propio centro.

B.- AS FAMILIAS

Concretaranse medidas para garantir unha comunicación fluída coas familias e mellora-la educación dos alumnos/as, así como propicia-la cooperación dos pais/nais neste proceso.

C.- O PROFESORADO

- Concretar unha comunicación áxil entre todos/as sobre o alumnado e os procesos de ensino-aprendizaxe.

-Detección precoz de necesidades e atención ás mesmas.

- Propicia-la rede de comunicación e integración entre os traballadores do centro tanto formal como informal.

- Realización de avaliacións iniciais.

- Participación do profesorado nas convocatorias da Xunta de profesores que faga o titor/a.

- Participación no tratamento da diversidade na clase e nas adaptacións curriculares, reforzos, programas de diversificación curricular e programas de garantía social que correspondan.

- Propicia-la toma de decisións e criterios de avaliación de cada grupo e do alumnado con NEAE

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE ORGANIZACIÓN

1- Realizaremos reunións semanais de Titores/as por grupos tal como se establece normativamente para coordinar actividades e asegurar coherencia e continuidade.

- 2- O P.A.T. desenvolverase ó longo do curso, seguindo a Programación marco para cada trimestre de acordo coas directrices da CCP, achegas dos Titores/as e baixo a coordinación da Xefatura de Estudos.
- 3- O Titor/ora será mediador do proceso educativo do seu grupo, non substituíndo a actividade do alumnado nel mesmo, servíndose de técnicas, instrumentos e recursos adoitados (role- playing , aprendizaxe cooperativo) promovendo a súa participación e cohesión dende a escoita, respecto, etc. para dar lugar a un clima de confianza .Será fundamental coordinación e participación sistemática e continua do Dpto. de Orientación /Titor/ora /Equipo Educativo e familia.

AVALIACIÓN

A avaliación, seguimento do P.A.T. e os sub-programas de intervención que o configuran presentará un carácter global e sistemático: constituíndo un proceso continuo e non puntual, de maneira que aporte unha retroalimentación que permita a introdución de modificación para a mellora do mesmo.

SUBPROGRAMAS

-PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DE HABILIDADES SOCIAIS

DESTINATARIOS: preventivamente todo o alumnado , incidindo de maneira especial nos que presenten condutas disruptivas

.OBJECTIVOS

-Prevención de fracaso escolar, condutas de desobediencia e agresividade, que poidan levar a desenvolvemento de alteracións comportamentais que impidan un axeitado intercambio social.

-Potenciación de pautas normais de interacción e intercambio social, todo iso para posibilitar un grao axeitado de integración social.

-Aumentar a competencia social, mellorando a percepción e a comprensión de situacións sociais.

-Facilitar o desenvolvemento de ferramentas e comportamentos que se poñen en xogo nas relacións sociais (habilidades Sociais)

-Potenciación de asertividade e empatía, posibilitando comprensión do punto de vista do outro e condutas de expresión directa dos propios pensamentos e de defensa dos dereitos persoais e respecto polos demais.

-Posibilitar o desenvolvemento integral, traballando non solo aprender a ser, facer e saber senón convivir, traballando a educación en valores e desenvolvendo competencias de: comunicación cos demais, solidariedade e respecto, cooperación , resolución pacífica de conflitos e participación na vida democrática.

.PROGRAMA DE HÁBITOS E TÉCNICAS DE ESTUDO

DESTINATARIOS: Alumnado de 1º e de 2º da ESO.

OBJECTIVOS

- Analizar a situación de partida das TTI para prever as dificultades no proceso de ensinanza/aprendizaxe. Crear a necesidade de planificación do estudo como hábito indispensable.
- Coñecer as distintas estratexias de organización do tempo de traballo e do material, e desenvolver as principais técnicas e estudo.
- Reflexión por parte dos alumnos das técnicas utilizadas no traballo. Motivar aos alumnos para mellorar a súa actitude ante o estudo.

desenvolvemento do mesmo. Co mesmo fin o DO promoverá sesións de

3.3.- ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL(ESO)

3.3.1.- OBXECTIVOS

- Prever ó alumnado de conceptos, informacións e que lles permitan toma-las decisións por si mesmos/as.

- Reflexionar sobre os seus intereses, motivacións, aptitudes, situación académica, etc.

- Asegura-la continuidade educativa, a través de diferentes ciclos, etapas e niveis educativos, e no seu caso, transicións dun centro educativo a outro.

- Contribuír a unha axeitada relación e interacción entre o profesorado, pais e alumnado.

- Recoller, avaliar e difundir información académica e profesional, recursos da Comunidade.

- Elaborar Programas de interrelación cos Centros Educativos (Universitarios e non Universitarios) así como instrumentos públicos e privados da localidade, que faciliten e fagan posible entre Orientación efectiva do alumnado e propicien a inserción Profesional.

-Asesorar e apoiar tecnicamente a formulación de Consellería Orientadores.

3.2.2.- ACCIÓNS PRIORITARIAS: diferenciadas entorno ós 3 tipos de actividades : de E/A , propias de función titorial e específicas que o Centro desenrola dentro ou fóra do mesmo.

- Planificación de estratexias e instrumentos para favorece-la madurez persoal e a toma progresiva de decisións dende a función titorial.

- Informacións sobre a estrutura do Sistema Educativo: optatividade (3º e 4º ESO), modalidade de bacharelato existentes na zona, programas de diversificación curricular, programas de garantía social, ciclos formativos, etc.

- Asesorar para que dende as actividades de E/A e nas diferentes áreas e materias, para introducir nelas a Orientación académica e profesional.

-Promocionar as Competencias Básicas a través da CCP.

- Asesoramento individualizado e personalizado ó alumnado atendendo ás súas demandas e necesidades

- Implicar á familia e ó entorno mediante reunións, charlas informativas, entrevistas, saídas e visitas.

- Celebración de Xornadas de Orientación académica e profesional.

- Elaboración de información dun dossier ó alumnado acompañado de charlas, explicacións e implicación dalgún tema. Colaboración entre DO e FOL.

- Coordinación dende o Centro actividades específicas para o alumnado de PCPI tendo en conta as maiores dificultades que amosan para a inserción laboral dende as actividades grupais dentro de Titoría como técnicas de busca de emprego, (currículum, carta de presentación, formación regrada ou non regrada ao rematar PCPI ou sen acceso a outras responsabilidades, formación ocupacional....).

- O consello orientador que debe entenderse coma unha proposta colexiada do equipo educativo, na que, tendo en conta as expectativas manifestadas polo propio alumnado, se lle recomendarán as opcións educativas máis acordes coas súas capacidades, intereses e posibilidades. O proceso de orientación académica e profesional será un elemento fundamental para a elaboración do consello orientador que se ten que formular ó final de Educación Secundaria.

3.3.2.1.- ACCIÓNS ESPECÍFICAS

1º ESO

- Informar sobre os itinerarios dentro da etapa obrigatoria.

- Traballa-la reflexión sobre como fixo as súas eleccións ata o momento e como vai elixi-la súa optativa para o próximo curso.

- Que o alumnado vaia coñecendo os seus gustos, predisposicións, habilidades, capacidades, limitacións, con respecto a si mesmos e das posibles alternativas de elección.

2º ESO

- Preparar ó alumnado para o cambio de ciclo.

- Seguir incidindo sobre o coñecemento de si mesmos.

- Informar sobre o 2º ciclo e as optativas de 3º ESO.

- Traballa-la toma de decisións.

- Informar sobre as características xerais do ensino obrigatorio, e incidir especialmente no tema de repeticións de curso, idades, promoción, titulación.

3º ESO

- Incidir sobre as eleccións futuras de fin de etapa.
- Informar sobre o novo ciclo.
- Informar sobre a importancia das eleccións nesta etapa que condicionan o futuro académico.
- Traballa-la elección de optativas de 4º curso tendo en conta as perspectivas do alumnado de seguir estudando ou incorporarse ó mundo do traballo.
- Empregando instrumentos de apoio, traballa-la elección de estudos posteriores ou elección profesional.

4º ESO

- Programa de orientación académica e Profesional .
- Preparar ó alumnado para as importantes decisións neste curso: futuro académico e profesional.
- Informar sobre as distintas posibilidades e dos itinerarios académicos e de formación profesional.
- Personaliza-la titorización, prestando axuda individualizada para facilita-la toma de decisións por parte do alumnado.
- Facer ve-la importancia de adecuación de elección de gustos, forma de ser, capacidades, posibilidades e limitacións de cada alumno/a.
- Poñer en contacto ó alumnado con centros de formación ou de traballo para que coñezan mellor esta realidade e proporcionen información que lles axude a decidir.

Programa de Orientación Académica e Profesional.

XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA: na sociedade actual a orientación académico-profesional é unha necesidade cada vez menos discutida, debido ao grao de complexidade que está a adquirir o sistema educativo e produtivo hoxe en día. Ao remate da ESO os alumnos atópanse cunha situación crucial na que teñen que tomar decisións que van a condicionar o seu futuro. Para poder atoparse nunha situación óptima cara a toma de decisións é necesario reflexionen sobre as súas aptitudes, intereses, valores, posibilidades familiares, e tamén que posúan un axeitado coñecemento da inxente cantidade de alternativas formativas e laborais que existen na actualidade. Finalmente, unha vez integrada esta información, deben xerar estratexias para a toma de decisións racionais e reflexivas. Os rápidos cambios que se suceden na estrutura educativa, e no mundo produtivo, fai que a información que lles poidamos proporcionar aos alumnos teña unha data de caducidade bastante curta o que implica a necesidade de desenvolver

neles estratexias para a busca autónoma de información académica e profesional. Isto, unido ao carácter motivador que para a maioría dos alumnos ten o manexo dos ordenadores, fan que sexa necesario aproveitar as oportunidades que nos brindan as novas tecnoloxías como medio de realizar a labor orientadora.

DESTINATARIOS: alumnos de 4º da ESO

OBXECTIVOS:

- Desenvolver estratexias e habilidades para a procura e manexo da información a través das novas tecnoloxías.
- Desenvolver actitudes e destrezas cara o traballo cooperativo.
- Estimular a toma de conciencia e valoración das propias aptitudes, intereses, motivacións e factores de personalidade e a súa relación con estudos e profesións.
- Coñecer a estrutura do sistema educativo, itinerarios formativos, condicións de acceso e titulacións que se acadan. Coñecer a oferta da formación profesional ocupacional, as condicións de acceso, e as certificacións que se obteñen, así como a súa vinculación coa FPE.
- Desenvolver habilidades estratexias para a toma de decisións vocacionais.

CONTIDOS

Autocoñecemento: aptitudes persoais, rendemento académico, intereses e motivacións, relación coas áreas profesionais, o proceso de TD.

A oferta formativa: estrutura xeral do sistema educativo; saídas formativas para os alumnos que non acadan o título da ESO (PGS, probas libres para acceso a ciclos formativos e para a obtención do título da ESO, a ensinanza de adultos, requisitos de acceso a estas vías formativas); formación profesional ocupacional; FPE; BACH; PAAU; estudos universitarios e a súa vinculación cos estudos anteriores; recursos e fontes de información.

O proceso de inserción laboral: busca de información nas páxinas web de confederacións de empresarios de sindicatos; técnicas para a busca de emprego; proceso de selección de persoal nas empresas privadas; proceso de selección nas empresas públicas; acceso aos corpos de seguridade, garda civil e militares.

O proceso de toma de decisións: a súa importancia na vida das persoas; diferentes estilos na toma de decisións; como planificar as decisións.

ACTIVIDADES

Actividades Previas: introdución ao manexo básico dos ordenadores para os alumnos novatos. **Actividades de Autocoñecemento** co programa ORIPRO E ORIENTA

Actividades de Coñecemento das Opcións: formación dos equipos de traballo; explicación dos obxectivos e tarefas; cada equipo terá un guión da investigación (obxectivos, tarefas, responsabilidades e ligazóns web). Cada equipo elaborará e exporá un informe á clase, dalgún tema dos establecidos no bloque de contidos, tendo que responder as preguntas dos compañeiros, titor ou orientadora.

Actividades de toma de decisións e elaboración de itinerarios formativos: a partir de 6 casos ficticios de alumnos de 4º da ESO, coa axuda dun modelo de TD, resolverán itinerarios formativos e definirán o propio.

Elaboración da “Guía Orientadora para 4º da ESO”: O programa concluirá coa elaboración e difusión entre os alumnos dun resume da información recollida polos diferentes equipos coas achegas e correccións do orientador.

METODOLOXÍA: o desenvolvemento das sesión será cooperativo, estimulando a interacción e o intercambio de información entre os distintos grupos, establecendo unha

interdependencia positiva respecto do logro dos obxectivos entre todos os grupos. É necesario que o titor/orientadora estea atento ás posibles dificultades na interacción dos alumnos, guiándoos cara ao intercambio de información e previndo posibles conflitos. Así mesmo farase fincapé no desenvolvemento de actitudes favorables ao cumprimento das responsabilidades que cada un ten asumido.

TEMPORALIZACIÓN: no segundo trimestre reuniremonos cos titores de 4º da ESO e co profesor que imparte Informática neste curso (información das liñas xerais do programa, recollida de impresións, achegas e compromisos); informase á CCP das liñas xerais do programa e tamén ao alumnado, recollendo as súas impresións. A continuación farase o deseño do programa polo miúdo. Desde finais do 2º trimestre e ata o remate do curso levarase a cabo o desenvolvemento e a avaliación do programa.

RECURSOS

PERSOAIS: un profesor de informática para a instrución previa dos alumnos, os titores, responsables do desenvolvemento do programa en colaboración coa orientadora, que ademais coordinará o deseño, seguimento e avaliación do programa.

MATERIAIS: sala de informática; programas informáticos; cadernos de orientación profesional; listas de páxinas web relacionadas cos ámbitos de investigación.

ORGANIZATIVOS: as actividades realizaranse nas sesións de tutoría. Os alumnos poden continuar o traballo na hora do recreo, xa que a aula de informática está aberta neste período.

3.4.- PARTICIPACIÓN NA AVALIACIÓN

Unha das funcións da xefa do Departamento de Orientación sinalada na orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 é:

- Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas (incidindo nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción).

3.5.- COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN

Outra das funcións do Departamento de Orientación é establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

3.6.- CENTROS ADSCRITOS: COLABORACIÓN E INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN

Con data do 31 de outubro de 2000 recibíuse no IES Pedra da Aguia a adscrición dos colexios de educación infantil e primaria para o curso 2000/01. o Colexio de Educación Infantil e Primaria de Ponte do Porto e o Colexio de Educación Infantil e

Primaria "O Areal" de Camariñas. Esta adscrición segue a sela mesma ó longo de tódolos cursos posteriores incluíndo este novo curso 2010/11

Tal e como se recolle na orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 para asegura-la actuación coordinada entre os departamentos de orientación dos institutos de Educación Secundaria e os centros adscritos elaborarán conxuntamente as liñas xerais do plan de orientación e ademais os membros do departamento de orientación reuniranse unha vez ó trimestre, sen prexuízo de que se realicen as reunións que sexan necesarias para tal efecto.

Cabe destacar o seguinte:

- O xefe do departamento de orientación entregará ó director de cada centro adscrito, antes do 20 de outubro e co visto e prace da dirección do seu propio centro, cando menos aquelas partes do plan anual que teñan relación co centro adscrito.
- O Xefe do Dpto Orientación entrará en contacto cos seus Centros a fin de coñecela problemática do mesmo e as actividades prioritarias, de se-lo caso. Prestarase especial atención e asesoramento á acción tutorial, así como á atención á diversidade .
- Aquelas outras que sexan precisas no transcurso do curso académico 10/11: intervencións psicopedagóxicas puntuais, intervención coas familias, etc.
- A valoración global das accións realizadas reflectirase nunha memoria final, na que se indicará o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as conclusións e propostas de mellora para incorporar ó plan do curso seguinte. Os departamentos de orientación remitirán ós centros que teñan adscritos, cando menos, as partes da memoria anual que lles afecten.

13.- LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES

Segundo establece a **Lei Orgánica de Educación**, os Departamentos dos institutos de educación secundaria deben elaborar a programación en cada unha das áreas, materias, módulos ou ámbitos que teñan asignados.

Na elaboración dos proxectos didácticos deberanse ter en conta os resultados e suxestións que se reflicten na Memoria final do curso anterior

A elaboración das programacións didácticas será desde o 1 de setembro ata o inicio das clases; é unha actividade de obrigado cumprimento para todos os profesores que forman parte do Departamento:

- Será redactado polo xefe/a de /Dpto. coa colaboración dos membros do órgano de coordinación didáctica.
- Deberá recoller, cando menos, os aspectos que se indican no art. 18, aptdo. 4 do Decreto 133/2007 do 5 de xullo (DOG 13/7/07).

Por outra banda, en función das observacións feitas pola **Inspección Educativa** durante o curso pasado (2009-2010) ás programacións remitidas por este Centro, recoméndase que o desenvolvemento das programacións docentes de cada materia se

faga de acordo co **seguinte esquema** o que facilitaría o cumprimento da normativa e o seu seguimento:

1. **Obxectivos** por curso/ciclo
2. **Contidos** (conceptuais, procedimentais e actitudinais), **secuencia** e **temporalización**
3. **Criterios de avaliación** en relación coas competencias básicas
4. **Metodoloxía didáctica**
5. **Contribución as competencias básicas**
6. **Procedementos e instrumentos de avaliación**
7. **Criterios de cualificación**
8. **Mínimos esixibles** para obter unha avaliación positiva
9. **Materiais e recursos** empregados
10. **Actividades complementarias e extraescolares**
11. Medidas de **atención á diversidade**
12. Programa/**Actividades de reforzo e recuperación das materias pendentes** de cursos anteriores
13. **Procedementos para avaliar a propia programación**
14. Accións de acordo co **proxecto lector**
15. Accións do **plan de integración das TIC**
16. Constancia de **información ao alumnado** (que incluírá os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, mínimos esixibles, criterios de cualificación e os procedementos de avaliación)

As programacións deberán redactarse en **letra arial 12**, con **bordes xustificados** en ámbalas dúas marxes, e deberán meterse na carpeta posta ao efecto no ordenador da sala de profesores. Asemade, **o mesmo documento en formato PDF deberá colgarse na web do centro**, no apartado reservado a cada departamento.

-O PROXECTO INTERDISCIPLINAR PARA 1ºESO

Coa finalidade do achegamento compartido ós saberes doutras materias, para facilitar ese achegamento ás competencias básicas, trátase de construír un coñecemento global a partir da multiplicidade de saberes, cun traballo compartido enfocado desde diversos puntos de vista disciplinares.

Seguindo este enfoque, o Claustro concretou:

As materias do currículo que teñen que intervir: á parte da Lingua ou a Tecnoloxía, as Matemáticas, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais, considérase axeitada a concepción dun currículo flexible e aberto a outras posibles áreas como por exemplo a Educación Física, para facilitar a incorporación e a diversidade de actividades ou traballos doutra natureza: educación medioambiental, de saúde...

As características básicas do(s) proxecto(s) pasan pola planificación, desenvolvemento de traballos de investigación ou actividades en equipo arredor dun eixo temático:

-que faciliten a educación documental do alumnado para ir adquirindo habilidades de uso, buscando, seleccionando, interpretando, resumindo, compartindo ou comunicando a información: aproveitamento da biblioteca escolar (formación e uso)

-coa aplicación de fontes, técnicas, modelos ou recursos variados (técnicas de estudo, planificación ou organización do traballo do alumnado, lectura comprensiva, en conexión co proxecto lector, xogos de cálculo, uso de material facilitado polo Dpto. de Orientación, de elementos audiovisuais, etc.)

-a partir do intercambio de experiencias e do traballo cooperativo alumnado-profesorado e entre iguais, para fomentar a autonomía e iniciativa persoal ou a relación social e cidadá do alumno.